

Comparecencia do sr vicepresidente da Xunta de Galicia, por iniciativa do G. P. Popular de Galicia, para informar á Cámara sobre a política de xuventude desenvolvida polo seu departamento

A señora PRESIDENTA: Bueno, reanudamos a sesión ca comparecencia do señor vicepresidente da Xunta de Galicia, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, para informar á Cámara sobre a política de xuventude desenvolvida polo seu departamento.

Ten a palabra o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Presidenta.

Señorías, a intervención de hoxe nesta Cámara serve para dar información dun dos piares do noso esforzo diario ao longo deste primeiro ano de goberno: as políticas referidas á mocidade galega. Tratarei de expor coa máxima claridade posíbel as diferentes actuacións levadas a cabo no último ano en materia de política xuvenil e pór enriba da mesa para a súa consideración algunha das liñas futuras que coidamos de maior calado. Comparezo convencido de que non será posíbel entrar no detalle de toda a actividade xerada pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, así como tampouco das actuacións dirixidas á mocidade que partiron doutros departamentos do Goberno galego. Mais agardo, no tempo establecido —que espero non sexa moito— poder esbozar os principais trazos da nosa actuación e, sobre todo, os grandes retos colectivos que temos cara ao futuro.

Desde o primeiro momento tivemos claro que era preciso mudar substancialmente a política xuvenil levada a cabo ata o momento dende a Xunta de Galicia. Un cambio baseado nunha idea central: da xuventude espectadora en políticas feitas de arriba a abaixo, políticas xerarquizadas, á política onde a xuventude decide, é protagonista e ten voz propia; políticas feitas de abaixo a arriba, políticas en rede. He aí a clave da nosa actuación neste primeiro ano, proceder a unha avaliación e reordenación suprimindo aquelas cousas que entendíamos non eran necesarias, reconducir aquelas boas ideas que non estaban suficientemente ben enfocadas, e, o que é máis importante, sentar aquelas bases daqueles cambios máis fondos que había que acometer para cubrir o baleiro de determinados ámbitos de actuación nunca antes abordados.

Unha política pública de xuventude é un compoñente básico para o desenvolvemento nacional de Galiza, é ese o noso convencemento. Por iso un dos principais requisitos pasa por ter clara a radiografía da nosa mocidade. A lectura da realidade xuvenil amosa múltiples perfís, inquietudes e demandas diferenciadas que contradín o paradigma da xuventude como entidade homoxénea e un compartimento estanco. Falo dunha realidade plural, de 835.324 persoas, o 30,22% do conxunto da poboación galega. Rexeitamos, polo tanto, as visións que consideran a xuventude como un grupo uniforme, as ideas tamén que as criminalizan identificando, de forma equivocada e automática, determinadas problemáticas sociais exclusivamente asociadas a este colectivo: as drogas, o alcohol, a sinistralidade... Non se trata en ningún caso de pechar os ollos ante estas situacións, que existen e que requiren de accións decididas, senón de abordar dunha forma máis real a diversidade que se agocha nun concepto de cidadanía xuvenil.

Os proxectos que defendemos se orientan á incorporación da xuventude como capital humano, un grupo social enormemente preparado, que atesora un enorme potencial de transformación social, de oportunidades de futuro. Este país non pode seguir malgastando o talento das xeracións máis e mellor formadas da nosa historia. Coincidirán connigo, señorías, en que contamos cunha xuventude aberta a coñecer, expectante, deseosa de protagonizar e dirixir o seu propio proxecto vital e as estratexias de avance social comunitario. Por eso neste ano afrontamos decididamente a necesidade de dar respostas específicas aos problemas e necesidades da xente xove, e quixémolo facer a través de tres eixos básicos de actuación: o primeiro deles, a necesidade de entender a transversalidade nas actuacións políticas de goberno para a xuventude; a segunda, a toma de decisións en materia de política xuvenil contando sempre ca participación da xuventude; en terceiro lugar, o desexo e a vontade política de facer unha política xuvenil galega para a mocidade galega.

Vaiamos polo primeiro eixo, a transversalidade nas nosas actuacións. A transversalidade, dende o noso punto de vista é o método, e multiplicar as oportunidades é o obxectivo; uns principios prioritarios e artellados da acción de goberno con expresións, polo tanto, importantes no emprego, na educación, a saúde, a vivenda ou a cultura. Un desafío que radica en concibir a política xuvenil como pura e absolutamente

transversal. Eu atreveríame a ir máis alá: ou a política xuvenil é transversal ou non é política xuvenil. É dicir, só así é posíbel facer política real e eficaz que apunte ao eixo dos principais problemas que afectan á xente xove. E así o estamos a facer. Este Goberno está a despregar unha política xuvenil con contidos diversos, de natureza intersectorial, que responden a unha liña homoxénea e congruente na súa formulación vertebrada pola labor catalizadora exercida desde a Vicepresidencia e que substancia nun compromiso: políticas que resuman os problemas da xuventude: a vivenda, o traballo, a formación, etc. Ese vai ser o esqueleto da futura Lei da mocidade galega, da que informaremos monograficamente nesta sede parlamentar e que agardamos poder ter en funcionamento a finais do vindeiro ano. Querémolo facer con participación, con participación interdepartamental, con participación de todos os grupos parlamentares, con participación do movemento asociativo, unha lei da mocidade e para a mocidade galega. Nunca caeremos no gravísimo erro de diluír a política xuvenil, de descafeinala reducíndoa a unha política exclusivamente de ocio e tempo libre. Porque hai moito que resolver. En primeiro lugar, facilitar o acceso á vivenda, especialmente entre a poboación máis nova. Ese, dende logo, é, a día de hoxe, máis que nunca un obxectivo prioritario para este Goberno.

Ofrézolles un dato correspondente ao terceiro trimestre do ano 2005. Segundo datos do Observatorio Xoven da Vivenda, unicamente o 34% do total da mocidade galega se atopa nunha situación de emancipación residencial. En concreto, o 3,6% da franxa entre 18 e 24 anos, o 11,1% da mocidade entre 25 e 29 anos e o 19,3% das persoas comprendidas entre os 30 e os 34 anos. Ademais, os xoves galegos se ven obrigados a realizar un esforzo económico equivalente ao 44% do seu salario medio; cifrado, como vostedes saben, en 13.000 euros anuais, para acceder a unha vivenda en propiedade, cando o límite máximo do endebedamento asumíbel que baralla o Consello da Xuventude estatal é a terceira parte do salario, é dicir, pouco máis do 30%.

O panorama que aquí describo e que todos coñecemos ten forzado o deseño de novos impulsos orientados á creación dun verdadeiro parque público de vivenda protexida, non só de compra senón tamén de aluguer, garantindo prezos por debaixo dos de mercado. Deste xeito, existe un catálogo de importantes axudas para que os mozos e mozas galegas con rendas máis baixas podan acceder a unha vivenda protexida,

con criterios de valoración relativos aos ingresos, ás dimensións do inmóbel, ao seu lugar de ubicación ou á tipoloxía de familia que accede a ela; ofrecendo, polo tanto, facilidades especiais ás persoas que sofren tamén da violencia de xénero e as que presentan algún tipo de discapacidade.

Convencidos, como estamos, das posibilidades que ofrece a rehabilitación e recuperación de vivenda usada como unha fórmula máis de garantir a accesibilidade a este recurso, este Goberno está apostando decididamente pola adquisición de vivenda nos centros históricos de vilas e cidades galegas para a súa posterior rehabilitación e adxudicación en réximen de aluguer, preferentemente a mozos e mozas menores de 35 anos. Como exemplo, os nove edificios adquiridos nos centros históricos de varios concellos lucenses por un importe que sobrepasa o millón de euros, ou as diferentes actuacións no conxunto histórico das Burgas.

Como medio de ataque ao problema dos estudantes, a Consellería de Vivenda ten en marcha un proxecto pioneiro no conxunto do Estado, co que pretende dar resposta ás necesidades de vivenda do colectivo universitario, coa construción de 400 vivendas no campus da Coruña destinadas fundamentalmente a estudantes en réximen rotatorio de alugueiro. Esta actuación, que conta coa colaboración da Universidade da Coruña, alcanza os 6 millóns de investimento para a adquisición e urbanización dos terreos, unha extensión de 40.000 metros cadrados –25.000 deles edificables–. Neste caso concreto, coa Universidade da Coruña, pero haberá outros. Porque esta acción terá novos socios. Neste senso, a Consellería de Vivenda vén de asinar un convenio de colaboración coas tres universidades galegas para a realización dun estudio que avalíe as necesidades e as características de demanda de vivenda do colectivo de estudantes universitarios a partir dun cuestionario individual que deberá de cubrir cada alumno. De novo, capacidade de escoita e análise das demandas, pasos en firme que levarán á planificación de futuros programas de actuación máis realistas e adaptados ás esixencias e ás necesidades da mocidade galega.

No marco da colaboración interdepartamental, hai que destacar tamén a iniciativa conxunta entre a Vicepresidencia e a Consellería de Vivenda –e refírome neste caso ao proxecto piloto de construción de dez inmobles de apartamentos protexidos en aluguer para mozos e maiores–. Unha iniciativa pioneira que a través da existencia de espazos comu-

nitarios busca fomentar o envellecemento activo e o intercambio interxeneracional.

Xunto á vivenda, o emprego constitúe un dos principais condicionantes que están detrás da decisión de emancipación da xuventude, de apertura a posibilidades a unha vida independente. Así o sinalan todos os estudos na materia, de feito a transición á vida adulta é hoxe máis incerta, vulnerable e reversíbel que nunca. Facilitar o acceso a un posto de traballo en óptimas condicións de permanencia é un dos grandes cabalos de batalla deste Goberno que esixe proxectos, ideas innovadoras que impliquen e sexan base de consenso e de múltiples axentes sociais e económicos. Esixe tamén partidas económicas suficientes para poder levar a cabo tales actuacións. Neste sentido me parece preciso lembrar a posta en marcha pola Consellería de Traballo dunha batería de medidas co fin de mellorar a empregabilidade e estabilidade entre a mocidade galega, cun orzamento que ascende a 124 millóns de euros. Os eixos básicos deste programa se centran na mellora da orientación laboral a mozos e mozas, na aposta firme pola creación de empresas de economía social e o desenvolvemento nos novos xacementos de emprego e o apoio aos novos xoves emprendedores.

E precisamente onte foi anunciada tamén pola Consellería de Medio Rural unha liña de axudas para a incorporación de mozos e mozas como titulares das explotacións agrarias. Trátase dunha proposta ambiciosa de fixación de emprego no medio rural, baixo a cal residen obxectivos moi concretos: estimular a introdución de novas tecnoloxías no sector, contribuír a asegurar a súa competitividade e garantir a continuidade do desenvolvemento das actividades agrarias.

O principal problema da xente xoven hoxe é a falla de emprego de calidade. Sobra emprego-lixo, falla emprego de calidade. Sobra tolerancia social e pasividade diante do fenómeno masivo da precariedade laboral que asola á nosa mocidade. Para comezar a combater a indiferencia contra a precariedade puxemos en marcha a campaña: A precariedade laboral é un crime, denunciao. Un esforzo sen precedentes para, a través dos medios de comunicación, intentar mobilizar á opinión pública fronte aos especuladores laborais, que xogan co futuro da mocidade e, polo tanto, co futuro da nación.

Desde a Vicepresidencia entendemos que a mocidade é un segmento de idade especialmente vulnerable ao conxun-

to de problemáticas que sofre unha sociedade. En clara alusión a esta liña de preocupación se inserta unha nova actuación, a denominada Módulo Xoven, programa penitenciario para a mocidade. Unha iniciativa de inicio inminente e de carácter integral orientada á preparación para a liberdade, que favorece a inserción cívica, familiar e sociolaboral dos xoves internos comprendidos entre os 18 e os 30 anos.

Compartimos tamén con outros departamentos o interés de axudar á mocidade a adquirir coñecementos, cualificacións e competencias e a ser conscientes do valor destas experiencias. Así se explica a posta en marcha de diversas iniciativas entre as que se atopa a activada pola Consellería de Educación, centrada nunha liña de axudas para mellorar a dotación tecnolóxica do alumnado galego nos seus propios fogares.

Un dos núcleos temáticos sobre o que nós máis nos temos preocupado está precisamente en ampliar as canles de información e formación que se refiren ao ámbito da educación afectivo-sexual, baixo unha consideración: a información fainos máis libres, multiplica as opcións e clarifica eleccións, argumenta decisións independentes e libremente asumidas. Sen embargo, a pesar do discurso aparentemente normalizador sobre a sexualidade, a mocidade segue adoptando comportamentos de risco. Segundo os datos dun informe feito público en marzo do 2005, o 40% dos xoves españois entres os 15 e os 24 anos reconece a súa exposición a algún risco nas súas relacións afectivas, adoptando prácticas sen precaucións. Non é unha cuestión moral, é simplemente un asunto que apunta inexorablemente á dimensión dos dereitos. A mocidade ten dereito a recibir unha información sexual completa, a ter recursos aos que poida recurrir para consultar as súas dúbidas e ser asesorados por profesionais. Se lles negamos eses camiños, a consecuencia será fatal.

A Vicepresidencia, ao longo deste primeiro ano, colocou a primeira pedra dun dos seus principais compromisos: a creación dunha rede galega de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade, coa posta en funcionamento do primeiro centro *Quérote* nesta mesma cidade de Compostela. Ademais de atención directa nas propias dependencias, á fronte das que se sitúa un equipo de carácter multidisciplinar, a oferta informativa complementase cunha liña de atención telefónica e cun portal de Internet, nunha aposta por achegarnos á mocidade a través de todas as fórmulas posibles, con especial atención ás novas tecnoloxías.

Estábamos convencidos de que esta non era unha teima nosa, senón que respondía a unha demanda e a unha necesidade real. Non nos trabucamos. Nos meses de funcionamento, o centro *Quérote* atendeu 650 consultas, antes incluso de comenzar unha importante campaña de publicitación dos seus servizos, que será o pistoletazo de saída coa apertura do curso universitario.

A vista destes resultados, é para min unha grande satisfacción anunciar que nas vindeiras semanas as obras do centro *Quérote* de Lugo darán comezo. Tamén anunciar que, de cara ao próximo ano, ao comezo do próximo ano, se iniciarán as obras dos centros *Quérote* en Vigo, A Coruña e Ourense.

A aposta pola transversalidade se certifica tamén noutras liñas de colaboración. Nos interesa especialmente a que ten que ver coa seguridade nos desprazamentos da xuventude, a alta sinistralidade. Neste sentido, a Dirección Xeral de Xuventude puxo en marcha unha campaña de prevención e de concienciación, Eu controlo, como medida de prevención cara aos desprazamentos habituais en períodos vacacionais. Nesta liña se inserta tamén a nosa implicación na elaboración do Plan en materia de seguridade vial, e tamén nesta liña está o inmenso traballo levado adiante pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte co programa *Noitebus*, que, por certo, acadou un grandísimo éxito.

De forma estreita e aberta, a Vicepresidencia mantén igualmente un intenso traballo, desde o comezo da lexislatura, coa Consellería de Cultura e Deporte destinado a potenciar entre a xuventude o acceso ás actividades de lecer, a creatividade e o consumo cultural, a identidade nacional e a normalización do noso idioma. Unha desas actuacións promovida pola Consellería de Cultura é a relativa á introdución de criterios de discriminación positiva á hora de outorgar subvencións para a realización de curtometraxes, elementos que pretenden fomentar as manifestacións expresivas na poboación feminina e tamén nos menores de 21 anos. A esta iniciativa destináronse 514.000 euros.

Nesta mesma liña, e no campo das artes escénicas e musicais, figuran as axudas á produción de novos espectáculos teatrais e a obrigatoriedade, para acceder a elas, de que como mínimo o 50% do elenco artístico e técnico esté conformado por mozos e mozas menores de 35 anos.

Potenciar a capacidade creativa dos talentos máis novos é tamén o eixe central do certame galego de creadores novos *Crea 2006*, unha experiencia aberta a todos os mozos e mozas non profesionais nun variado abano que abrangue doce modalidades artísticas. Cun orzamento que supera os 300.000 euros, esta experiencia, froito da colaboración aberta entre a Vicepresidencia e a Consellería de Innovación, contribúe tamén á normalización do noso idioma proporcionándolle unha dimensión polifacética e multidisciplinar.

Vaiamos co segundo eixo que clarifica e explica as nosas actuacións: a toma de decisións contando sempre coa participación da mocidade. A misión era clara, toda política de xuventude que aspire á eficiencia e, sobre todo, á perdurabilidade implica esforzos por facilitar a participación xuvenil, tanto na súa planificación como na súa execución. Aí radica a base da súa lexitimidade e tamén os alicerces do seu éxito. Non facelo, conduce unicamente ao fracaso, para nós non hai dúbida, de aí que na organización dos proxectos a impulsar reivindicamos un activismo cívico, a plena participación da mocidade galega e a súa total visibilidade. Esa é a nosa primeira vontade política. Detrás desta vontade política real de implicar as persoas novas só hai unha cousa: confianza. Nós cremos na mocidade deste país, na súa responsabilidade e na súa posibilidade de tomar decisións e en comprometerse con elas. Creemos no seu potencial creativo e no seu papel director na elaboración das súas propias propostas. Somos plenamente conscientes de que non pode haber participación real se previamente non hai información, e, nesta liña, consideramos imprescindible garantir unha axeitada difusión da información de interese para este sector da poboación.

Neste ámbito, de vital importancia para nós, foi onde atopamos unha das principais eivas da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade: os mecanismos empregados para chegar á xente. Certo é que existía unha rede de información xuvenil, as 250 oficinas de información xuvenil municipal, mais no nos autoenganemos, a inmensa maioría da mocidade deste país nin coñecía o que era a Dirección Xeral de Xuventude nin coñecía as súas actividades máis aló dos campamentos de verán.

Para cambiar esto naceu *Infoxove*, unha publicación da mocidade galega e para a mocidade galega, o símbolo, desde o meu punto de vista, do cambio das políticas de xuventude

en canto á información; un esforzo importante que xa está a dar importantes froitos. Sesenta mil exemplares mensuais, pasamos dunha tirada de 6.500 exemplares do anterior *Boletín Xove* a 60.000 do *Infoxove*, case dez veces máis, cunha distribución directa e gratuíta que mantén a todas as entidades e institucións ás que xa se viña enviando o Boletín Xove, e engade, ademais, novos puntos: os centros de secundaria, as facultades das universidades galegas, ámbitos nos que se concentra, por outra parte, a maioría da mocidade galega. O esforzo informativo sen precedentes se estende tamén ás principais casas de Galiza no exterior, nun total de 255.

Pero, naturalmente, a importancia fundamental desta publicación non radica nas cuestións técnicas, o fundamento é o contido. É unha publicación normalizadora de país, do idioma. ¿Cantas publicacións de 60.000 exemplares se fan a día de hoxe na nosa lingua? ¿Cantas publicacións existen en Galiza, dirixidas á mocidade, integramente en galego? É unha publicación da nosa cultura, da nosa xeografía, da nosa historia, en definitiva, da nosa xente. É unha publicación transversal e é tamén unha publicación polifónica, de múltiples voces.

Coa saída á rúa deste xornal xuvenil demos un grande paso, pero ese grande paso só é o primeiro. Executaremos un moderno portal de Internet para a xuventude, unha plataforma chea de contidos cun denominador común: ter á mocidade o máis informada posíbel. Informada sobre o conxunto das actividades dirixidas a elas, informada sobre as súas posibilidades, nunha iniciativa da que iremos informando nos vindeiros meses.

Reivindicamos participación dos cidadáns, pero tamén do conxunto de entidades e asociacións que traballan no mundo da mocidade, e de aí o noso compromiso co fortalecemento e a consolidación da estrutura asociativa galega.

Dous meses despois da nosa chegada ao Goberno a Dirección Xeral de Xuventude celebrou un primeiro encontro coas asociacións xuvenís, á que se engadiu posteriormente, en xaneiro do 2006, a organización de dezaseis encontros provinciais: catro provinciais con asociacións xuvenís, outros catro con entidades de voluntariado, catro encontros con informadores xuvenís e técnicos de xuventude das diferentes provincias, e catro reunións provinciais coas residencias xuvenís.

O noso compromiso coa participación foi todo o máis alá que se poido. Neste sentido demos voz ás entidades co fin de que expuxeran suxerencias e criterios a ter en conta para a futura orde de subvencións, co fin de que este instrumento sexa resultado da plena coparticipación.

Nestes intres estamos a ultimar un ambicioso plan de fomento do asociacionismo xuvenil que verá a luz a comezos do vindeiro ano. Un plan de actuación que ten a súa razón de ser na necesidade de axudar a crear máis asociacións xuvenís e apoiar as existentes de xeito decidido.

No eido do voluntariado afrontamos unha dinámica de traballo en rede que implique a múltiples actores de carácter interadministrativo, entidades privadas e tamén de iniciativa social. Neste contexto buscamos puntos nos que converxan as principais aportacións, suxerencias e iniciativas, como foi a organización do Congreso do voluntariado celebrado o pasado mes de maio, unha oportunidade útil para avanzar no consenso e que contou coa participación de máis de 500 representantes destas entidades. Despois deste traballo, estas liñas de traballo conducirán á elaboración do novo plan de voluntariado, un marco que promova a cultura da solidariedade e a formación do voluntariado que dea a coñecer as oportunidades de participación nun marco de esforzo coordinado que se construya en rede, entre a Administración e as entidades asociativas. Porque, señorías, esa conciencia existe, a solidariedade está aí, constitúe unha expresión da cidadanía galega activa, que require, simplemente, dun axeitado marco organizativo.

A vaga de lumes que asolou Galiza o pasado mes de agosto ten servido para reforzar esa evidencia. A armación dunha nova marea de solidariedade espontánea, que pedía a berros poder participar, levounos á posta en funcionamento dun dispositivo artellado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidaridade: o programa en defensa do monte galego. Unha estrutura organizada desde a primeira liña de responsabilidade, lonxe da declaración de intencións, preto da práctica pura.

Aí están as cifras: nove liñas operativas as 24 horas do día e casi 6.000 voluntarios inscritos no primeiro mes e medio de funcionamento. Situación que permitiu a organización de operativos de vixianza, intendencia e recuperación do monte nas catro provincias galegas. Operativos para que

os efectuaron casi 9.000 contactos. Por certo, que o 64% dos voluntarios participantes en operativos sobre o terreo teñen entre dezaoito e trinta e oito anos.

A análise destes resultados nos orienta de forma decidida nunha clara dirección futura sobre o que imos començar a traballar; impulsar un debate profundo sobre o papel do voluntariado en caso de emerxencia, e proceder á creación dos recursos e protocolos necesarios neste tipo de situacións.

O valor da solidariedade para nós non ten prezo, porque nós non lle temos medo á cidadanía. Sabemos, pola contra, que o primeiro e máximo cómplice do avance do país es a cidadanía. Como vicepresidente, teño claro que desaproveitar esa reacción, disposta a que Galiza recupere o patrimonio natural de todos, sería un erro imperdoable, inexplicable, e nunca entendido pola cidadanía. Por iso debemos aproveitar esa inercia, esa vontade de seguir contribuíndo na consciencia de que non nos enfrenteamos a un fenómeno puramente puntual senón a un problema estrutural de dimensións moi amplias e con múltiples repercusións.

De aí o noso compromiso coa activación das seguintes fases do programa de defensa do monte galego, orientadas, en primeiro termo, ás labores de reforestación. Defendemos tamén a construción de espazos de diálogo, a posta en marcha de actividades interxeneracionais e a disposición de infraestruturas e instalacións nas que podan levar a cabo esa participación, escenarios que actúen como plataforma impulsora da implicación cidadá.

Neste sentido, desde a nosa chegada ao Goberno, puídemos corroborar o estado da rede de campamentos xuvenís, instalacións que estaban infrautilizadas, e cun estado de conservación que non era, nin moitísimo menos, desexable, a pesares de que as infraestruturas teñen un gran potencial de uso e unha situación xeográfica, na maioría dos casos, certamente privilexiada. Os resultados dun informe dos responsables das diferentes instalacións sobre as principais deficiencias existentes foron reveladores. Comprobamos a existencia de incumprimentos de lexislación vixente sobre barreiras arquitectónicas e accesibilidade; a insuficiencia de medidas de seguridade en diferentes instalacións, como saídas de incendios; un mal funcionamento e insuficiencia dos sistemas de conservación de alimentos; ao mesmo tempo, detectouse a inexistencia en practicamente todas as instala-

cións dun proxecto de plan de emerxencia evacuación, polo que se dou comezo á tramitación dos mesmos coa intención de que ao finalizar esta lexislatura todas as instalacións xuvenís da Xunta cumpran as normas de seguridade esixidas pola lei.

A día de hoxe, leváronse a cabo actuacións como o plan de emerxencia e a evacuación do albergue xuvenil Area e a contratación da instalación de detección de incendios de diferentes albergues xuvenís e campamentos xuvenís. A partir deste diagnóstico xeneral, iniciamos unha intensa labor orientada a corrixir eses déficits e a mellorar substancialmente a calidade das instalacións e a súa adaptación a un uso máis intensivo e multidisciplinar, con diversas obras de reestructuración e adaptación de espazos, remodelación de mobiliario, e mellora da accesibilidade.

Terceiro eixe que explica a nosa actuación en política xuvenil: unha política galega para a mocidade galega. Porque precisamos tamén unha política xuvenil pensada dende e para a mocidade de e aquí. Neste sentido, é unha prioridade no noso traballo todo aquilo que teña que ver coa valorización do país entre os máis novos, començando polo idioma. A situación do idioma en Galiza dista moito dese bilingüismo harmónico durante tantos anos fixo gala a Xunta de Galiza. Mais a realidade é macabramente simple. Cada ano que pasa pérdense falantes na nosa lingua. Tal e como veñen sinalando de xeito reiterado todos os estudos, tanto oficiais –sufragados polo propio Goberno galego–, como de entidades e organismos independentes.

A situación lingüística é froito, como é evidente, de moitos factores, mais cunha grande responsabilidade de atención sufrida, unha despreocupación evidente por parte dos poderes públicos que derivou na desprotección e na ausencia de iniciativas suficientes para defender e promover a nosa lingua, en definitiva, a nosa identidade como pobo e como nación.

A Vicepresidencia está decidida a contribuír a invertir esta tendencia, axudando ao desenvolvemento e materialización do Plano de normalización lingüística, aprobado por unanimidade nesta Cámara, reforzando os seus contidos en materia xuvenil. Este Goberno está a dar pasos significativos na dignificación do noso idioma e na súa decidida promoción dende as cidades máis pequenas, con innovadoras ini-

ciativas nos diferentes niveis educativos, incluído o nivel educativo de 0 a 3 anos.

Diferentes programas identifican esta liña de traballo, *Atrévete a descubrir a túa verdadeira identidade. Galeguiza a túa vida*, foi o lema da primeira campaña de sensibilización. Desenvolvemos 20 obradoiros de creación literaria na campaña de verán 2006. A estas accións hai que sumar a organización de diversos cursos de reciclaxe e galeguización de monitores e directores de tempo libre.

Celebramos, igualmente, unha nova edición de *Xuventude Galiza.net* no marco dunha nova proposta orientada a reconducir e encher de contido este encontro, con importantes novidades como foron a promoción da normalización da nosa lingua no campo da informática, a dotación destas ferramentas aos mozos e mozas con discapacidade e a extensión do software libre. Un evento que contou coa colaboración da Consellería de Innovación e que fixo posible a participación de 1.500 internautas ao longo das súas tres xornadas de duración.

Ademais das accións xa realizadas, estamos tamén a traballar en futuras ideas, entre as que figura a aposta por dar corpo á figura do voluntariado lingüístico, voluntariado lingüístico como canle de participación cidadá orientada a facilitar e promover o coñecemento e o uso do noso idioma.

Mais cando digo e falo da galeguización da política xuvenil, non me estou a referir en exclusiva ao noso idioma, refírome tamén a coñecer Galiza, a súa xeografía, a súa historia, as súas xentes, en definitiva, a coñecernos que somos como somos e de donde vimos, para atopar así o noso sitio no mundo.

Os campamentos de verán da Xunta reflicten a percepción e a mestizaxe das opcións de ocio, coñecemento da cultura, e o patrimonio do noso país entre os rapaces e rapazas galegos. En definitiva, 3,5 millóns de euros para un amplo catálogo de actividades; 11.000 prazas dispoñibles para 17 centros propios, dezaseis concertados e 14 campos de traballo e importantes novidades: nas 268 prazas reservadas este ano para as persoas con discapacidade –127 máis ca o ano anterior–, novidades cando falamos de modernos procesos de solicitude e asignación de prazas, asegurando a transparencia e a equidade. Inclusión na programación dos obradoi-

ros de creación literaria; a posta en marcha de novas actividades de aventura na montaña. E, finalmente, afrontamos tamén a diversificación e ampliación das actividades dos campos de traballo, especialmente nos eidos da cultura, as enerxías renovables no medio rural e a arqueoloxía con traballos de recuperación.

Xunto aos campamentos de verán, e nesta liña de traballo, puxemos en marcha novos programas. En primeiro lugar, o denominado *Descubre Galiza*, no que preto de 1.000 escolares galegos de terceiro e cuarto de ESO tiveron a oportunidade de achegarse á natureza, á historia, á arte, a través de xogos, rutas e actividades deportivas.

A través do programa *Auga máis mar*, a Vicepresidencia, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Pesca, abriu a posibilidade a que máis de mil mozas e mozos galegos puidesen coñecer os valores do litoral e o mar, a importancia dos recursos renovábeis, e o potencial socioeconómico mariño que agocha a nosa terra.

Hai só uns días asinei, xunto co conselleiro de Innovación e Industria, unha nova proposta de colaboración transversal, un protocolo de colaboración para o fomento do turismo termal e o turismo rural entre a xuventude.

Encaro a recta final desta comparecencia cun convencemento: ao longo deste primeiro ano temos sentado as bases do camiño futuro. Hoxe, as políticas de xuventude, comencian a exemplificar o sinal dun novo tempo que se asomou a Galiza. Porque moito máis queda por facer, isto é sólo o principio. Os avances exercidos neste primeiro ano de Goberno contribúen a impulsar aínda máis o noso empeño.

Temos grandes proxectos en mente, as persoas para levarlo a cabo, e ilusións redobradas despois dun ano moi intenso. Sobre a mesa de traballo está a creación por decreto, no vindeiro mes, dunha rede de locais de ensaio abertos á mocidade, o compromiso coa redacción da Lei de xuventude, a nova Lei de voluntariado, e o Plan galego de voluntariado, a apertura de seis novos centros *Quérote*; a prolongación da estratexia informativa, con novas publicacións e coa celebración de xornadas, certames, foros e conferencias que aborden distintas temáticas relacionadas coa mocidade, así como a abordaxe de reformas substanciais na rede galega de información e documentación xuvenil, e a creación dun por-

tal orientado á información xuvenil; preservar na política de posta en valor de aproveitamento integral da rede pública de instalacións xuvenís; potenciar as accións de formación en voluntariado, dando resposta ao rápido crecemento efectuado neste sector; incrementar as accións e programas dirixidos á promoción e actividades de ocio creativo e saudábel, turismo social, e coñecemento histórico e artístico e paisaxístico do país; priorizar os programas orientados á repobación do monte galego; fomentar as novas iniciativas das estratexias de intercambio social e convivencia multixeneracional, así como o acceso ás novas tecnoloxías.

En fin, señorías, esta pequena e breve descrición das accións futuras, revelan que estamos ante un campo de acción para o cal os próximos anos serán decisivos. Ao longo deste primeiro exercicio se teñen sentado as bases dun protagonismo que irá *in crescendo*, a xuventude será a estrela dos orzamentos da Vicepresidencia para este ano, que medrarán nunha media dun 20% para as políticas antes descritas. En definitiva, estamos contentos deste traballo, pero sabemos, somos absolutamente conscentes, que temos moito por andar, que de seguro andaremos. Estamos convencidos de que contaremos co máximo apoio desta Cámara. Porque non pode haber nada máis ilusionante para o Goberno dunha nación que traballar para dar as máximas posibilidades aos que hoxe son xa o presente dunha nova Galiza, que está comenzando a andar. Invitámoslles a que percorramos este camiño xuntos, polo ben da nosa mocidade e polo ben do país.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

En primeiro lugar, o grupo parlamentario autor da iniciativa Grupo Parlamentario Popular o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Grazas, señora presidente.

Boas tardes a todos.

Eu teño que escomenzar dunha maneira distinta á que pensaba. Queríalle preguntar, señor Quintana, se realmente

cre, hoxe, cre que todo o que dixó hoxe é verdade. Si é certo que cre no que dixó hoxe, temos un problema moito máis grave, porque vostede está afastado totalmente da realidade ou lle contan mentiras; polo tanto, o problema empeza a tomar un cariz preocupante.

Mire vostede, a verdade é que tivemos que esperar máis dun ano para saber a súa avaliación acerca das políticas de xuventude, é a mellor mostra de ver o interese que vostedes teñen por estas políticas de xuventude. Para nós, para o noso grupo parlamentario, a política de xuventude desenvolvida durante este ano ten tres características fundamentais. A primeira, é que é unha política que defraudou, defraudou claramente, e agora lle explicarei as tres. A segunda, é que é unha política caracterizada porque traballaron pouco, señor vicepresidente. E a terceira, porque non aportaron nada novo.

Mire vostede, durante este ano, o noso grupo parlamentario estivo a seguir a política de xuventude, e non é que nos defraudara a nós só, senón que tamén defraudou a xente que os votaba a vostedes, e créame que non é a primeira vez que escoitamos este tipo de declaracións, e non hai nada peor en política que defraudar aos cidadáns, porque se acaba pagando e bastante caro.

Mire vostede, o primeiro día, na toma de posesión, xa empezaron a defraudar. Sabe vostede que un dos criterios que utilizaban os partidos que hoxe sustentan o Goberno e que na pasada lexislatura estaban na oposición era que as políticas de xuventude carecían de integralidade e transversalidade, ¿e sabe vostede que aducían para dicir eso? Pois a propia estrutura da Dirección Xeral de Xuventude. O PSOE avogaba naquel momento pola creación dun instituto galego da mocidade, que dependese da Presidencia, lle quitarían a vostede a competencia. E claro que do Partido Socialista non nos podemos fiar neste senso. Saben vostedes que a todos os mozos e mozas de España lle prometeran facer un ministerio da xuventude. Tiveron que recuncar e facer e prometer unha secretaría da xuventude. Tiveron que volver a recuncar e facer unha dirección xeral da xuventude. Está claro que non son moi de fiar. Pero o Bloque Nacionalista Galego tamén falaba así, e lle vou dicir textualmente o que pensaba algún dos seus representantes. Decía: Non existe integralidade nin transversalidade, posto que o rango competencial da Dirección Xeral de Xuventude non permitía facer estas medidas. Seguía: Non permite a interlocución en pé de

igualdade cunha secretaría xeral ou con outras consellerías ¿Sabe vostede qué é o curioso deste tipo de afirmacións? Pois a persona que as facía. Fai ano e medio, esa persona era representante do seu partido político, hoxe, un ano e medio máis tarde, é un responsable importante das políticas de xuventude, nada máis e nada menos que o director xeral de Xuventude. O que non creía na propia estrutura é hoxe director xeral de Xuventude. Eso está recollido eiquí, neste Parlamento, señor Quintana, seguramente non llo pasaron.

¿Como cambian as cousas cando pisan a moqueta! ¿verdade? ¿Como cambian as cousas! Pois, moi ben. No pacto de goberno, ese primeiro día –non se me alporicen–, ese primeiro día adican vostedes, de vinte folios de pacto de goberno, sete liñas á política de mocidade, e vén aquí a dicirnos que é a principal preocupación deste ano de Goberno. Mire vostede, eu non o creo.

Falaba tamén dos presupostos. A seguinte oportunidade que tiveron vostedes foi na elaboración dos orzamentos deste ano 2006. Sabe vostede que os orzamentos da Dirección Xeral de Xuventude permaneceron casi idénticos. Agora nos anuncia eiquí que van incrementarse un 20%, será o 10% deste ano e o 10% do anterior que non subiron, me imaxino. Outro dos argumentos, casualmente, que utilizaban os portavoces dos grupos que hoxe sustentan o Goberno, era que o Conxuga, o Consello da Xuventude de Galicia, estaba –palabras textuais– *afogado economicamente e a súa lei obsoleta*. Por certo, ¿sabe quen dicía isto? O director xeral de Xuventude. ¿Sabe cal foi unha das primeiras decisións que tomou o director xeral de Xuventude cando chegou e cando fixo os orzamentos deste ano? Pois darlle ao Conxuga un incremento nos presupostos de cero euros. Isto si que é credibilidade, señor Quintana. Isto é credibilidade, e o resto, pois son bromas, son bromas. Por eso eu lle pregunto si realmente cre o que estivo a contar aquí. Pero non acaba aquí.

Falaba entón tamén o director xeral de Xuventude actual, responsable das políticas de xuventude, non lle estou falando de calquer persoa, falaba entón de crear un observatorio da mocidade, non só el, senón tamén os representantes do Bloque. Un ano e medio despois, eu lle pregunto, señor Quintana, ¿ulo está o observatorio da mocidade?, ¿ulo está? Desaparecido. ¿Cre vostede que un ano e medio é suficiente para crealo? Porque eso o tiñan moi claro na pasada lexislatura. Igual é que non contou coas persoas adecuadas.

Comprenderá que, despois de todo isto, e moitas máis cousas que aínda non citei, os mozos e as mozas galegas están defraudados, esa é a primeira característica da súa política. E a segunda é que, ademais, traballan pouco, señor Quintana. ¿Eu, que quere que lle diga? Entendo que vostede, vicepresidente da Xunta –a pesares de que nas fotos que saca na súa sala de prensa sempre sala a palabra Presidencia ben enfocada, estratexicamente enfocada–, eu entendo que despache cos membros do Goberno que pertencen ao seu partido, tamén entendería que despacharan co presidente da Xunta, que é do outro partido, pero bueno, eso son cousas súas. Tamén entendo que é o xefe do terceiro partido de Galicia, é verdade, o entendo. E tamén entendo que algún fin de semana, como este pasado, vostede teña importantes dolores de cabeza por temas de partido, e que ademais lle deben de quitar o sono, tamén o entendo. Tamén entendo que o director xeral non lle quite de ningún apuro, tamén o entendo. Pero eu tamén entendo, e o resto dos galegos, que é vostede o máximo responsable das políticas de xuventude, é o máximo responsable das políticas de xuventude, e cando xa pasou máis dun ano parece que non adicou o tempo suficiente a esta dirección xeral, señor vicepresidente.

Lle vou contar. Nunha resposta que ten data de saída 1 de setembro, data de saída da Consellería de Relacións da Presidencia –que nos manda o Parlamento, entendámonos– do 1 de setembro, que fai este deputado, lle preguntamos sobre o Plan estratéxico de xuventude aprobado polo anterior Goberno e a contestación é que efectivamente ese plan existe, o coñecen, e que ademais está en funcionamento, e que, se hai algún cambio, a dirección xeral de Xuventude informará aos señores deputados. Un ano e pico despois eu non recibín ningunha notificación de cambio, polo tanto, entendo que ese plan non sufriu ningunha modificación, entendo que non sufriu ningunha modificación. Pois ¿debería de estar tranquilo? Eu non estou tranquilo, porque non é certo que sigan ese plan, vostedes non están a traballar no Plan estratéxico de xuventude. Moitas das medidas que aparecían recollidas nese plan, agora non siguen adiante, non están traballando nelas, e coméntolle algunha a ver qué lles parece. Por exemplo, no tema de seguridade vial, había tres programas que axudaban, cada un dentro do seu terreo, a reducir a siniestralidade nas carreteras galegas entre a mocidade; supoño que será un tema importante. No caso de Galicia, tamén. Moi ben, eu lle pregunto por qué suprimiron estes tres programas. ¿Cre vostede que eran axeitados a aportaban

algo ou non aportaban nada? A dirección xeral de Tráfico había dado os seus parabéns incluso a estes plans, a estes programas que se estaban levando a cabo. ¿Teñen pensado en algunha alternativa para a seguridade vial? ¿Cre vostede que un ano e pico despois é tempo suficiente para que plan- texen unha alternativa ou podemos seguir esperando outro ano e pico, a lexislatura dura catro anos como moito, non sei se o ten presente.

En vivenda, falou aquí de vivenda. Mire, dentro do... En vivenda, no tema da Hipoteca xove e a Bolsa de aluguer, que foron as dúas medidas que vostedes anulou dentro dese afán revisionista co que chegaron á consellería e en todo o Goberno en xeral, vostede, ao anular, vostedes, ao anular o programa de Hipoteca xove fixeron unha cousa, condenaron a todos os mozos e mozas que viven en municipios rurais, onde non vai haber vivendas de protección pública, a non ter ningún tipo de axuda á adquisición dunha vivenda. Isto é a mellor forma de garantir que esa xente moza se vai a quedar nesas municipios nos que naceron, nos que se criaron e nos que lles gustaría vivir. Esa foi a primeira medida que tomou a Consellería de Vivenda. Falaba agora aquí, falaba agora aquí, de que si que firmou varios convenios, un coa Universidade da Coruña, e anuncia a construción de 400 vivendas. Non sei para cando. Pero, por certo, tamén anunciou que facía un estudio coas tres universidades galegas para ver as necesidades dos universitarios. ¿En Coruña fixo esta enquisa antes de anunciar estas 400 vivendas ou xa están adaptadas ao que vai dar a enquisa? Hai un pouco de incongruencia nos seus anuncios que hoxe deu aquí, a pesar de que non anunciou nada máis, que son simplemente anuncios, e non aparecen recollidos en ningún lado. Pero bueno, na bolsa de aluguer, ¿que lle vou dicir? En cinco meses conseguiron crear unha bolsa de afectados. Por certo, nin se dignaron a recibir, nin a conselleira de Vivenda se dignou a recibilos, nin tampouco o seu grupo parlamentario, algo preocupante que creo que debería tomar nota.

En emprego —e vou apurando, que me queda pouco tempo—. Mire, unha das primeiras medidas que tomaron en emprego foi eliminar o Plan Labora, grandemente criticado. O problema de eliminar este Plan Labora, señor vicepresidente, é que non aportaron ningunha alternativa mellor. Ese é o principal problema da súa política, é destructiva, son incapaces de aproveitar as cousas boas doutras políticas e melloralas, simplemente porque eran elaboradas, ou que

tiveron o seu nacemento, nas políticas do Partido Popular. É unha pena que iso non cambiara ao pisar a moqueta. Son exemplos de que na súa consellería non se traballa o suficiente, pero é que ademais de defraudar, ademais de non traballar o suficiente, non aportan nada novo, e dígolle por que. Estará de acordo comigo, e ademais citou aquí, nalgún caso, en que non se pode chamar innovar a cambiarlle o nome a un programa existente. Niso si que son especialistas. Moitos dos programas existentes o que fan é introducir a palabra Galiza —xa que non poden oficialmente, introdúcenos nos programas que levan a cabo— ou introducir as iniciais GZ, e lle vou poñer exemplos. *Xuventude Galicia.net*, o principal cambio é *Xuventude Galiza.net*, ese é o principal cambio, e ademais teñen a cara, aínda encima, de dicir que é unha gran novidade. Outro, o *Certame galego de novos creadores*, antes chamábase *Na vangarda 2005*, este ano chámase GZ, *GZ crea*. É un gran cambio. ¡Home!, tamén é un cambio importante que se reducira as dotacións que van encamiñadas aos premios. O primeiro premio antes era de 6.000, e agora pasa a ser de 3.000 euros; o segundo, antes era de 3.000, e agora pasa a ser de 1.500; esa é a forma de fomentar os novos creadores no ámbito do teatro, do vídeo, da banda deseñada, relato, modas e artes plásticas. Esa é a súa forma de entendelo, e despois vén aquí e nos conta historias. Pero xa existía anteriormente, non é un programa novo, existía anteriormente.

Así, señor Quintana, temos dúas de exemplos. Exemplos que demostran que vostedes defraudaron a todos os mozos, aos que votaron o Partido Popular, dende un principio; pero os que os votaron a vostedes tamén, tamén están defraudados.

A señora PRESIDENTA: Señor Calvo, prégole que vaia rematando.

O señor CALVO POUZO: Xa remato, presidenta.

Ademais, non traballan, e aínda encima non innovan.

E remato, pero antes quero pedirlle a súa opinión, a ver cal é, acerca da creación dunha comisión non permanente do estudio da situación da mocidade. Esta comisión xa existía na anterior lexislatura por acordo unánime dos tres grupos. Eu creo que nesta lexislatura se lle debe dar pé a existir. E tamén lle anuncio que o noso grupo parlamentario, ao fina-

lizar esta comparecencia, presentará unha petición ante a Mesa do Parlamento para a creación desta comisión, e espero e me gustaría saber a súa opinión acerca deste, porque considero ademais que é un sitio fundamental donde se poden facer as achegas necesarias para poder facer unha política xuvenil axeitada.

Nada máis e moitas grazias, presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazias, señor Calvo.

Polo Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señores deputados, señoras deputadas.

Señor vicepresidente, eu creo que cando un portavoz dun grupo sae lanzando acusacións como as de que aquí se verten mentiras, o primeiro que tiña que facer nas súas intervencións é procurar non caer, en todo caso, nese mesmo erro, porque vostede, desde logo, fixo aquí afirmacións referentes ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non son para nada reais a respecto mesmo das nosas xuntanzas con algún tipo de plataformas que creo que vostede coñece moi ben porque dan rodas de prensa na sede do Partido Popular e que, en todo caso, o Grupo Parlamentario do BNG si que os recibiu. Non sei a qué vén ese tipo de acusacións cando non teñen fundamento, en todo caso, si desacreditan a quen pide transparencia e a quen pide veracidade.

A min tamén me parece que é importante sinalar que, en todo caso, o que chega moi tarde na súa labor de oposición en relación coas políticas de xuventude é o Partido Popular, porque é a primeira comparecencia que vemos que vostedes soliciten, e desde logo é a primeira iniciativa que se substancia nesta sesión plenaria por iniciativa do Partido Popular. Si houbo xa máis debates nesta Cámara e nesta sesión, non precisamente por iniciativas, nin de impulso nin de control, do Grupo Parlamentario Popular que é o grupo que está na oposición e verán vostedes que nós, se lle damos tamén relevancia ás políticas de xuventude, verán vostedes que o feito de que hoxe exista esta comparecencia é unha maneira de ilo facendo.

E tamén, por certo, non se preocupen que o PP irá vendo cómo vai avanzando a política de xuventude e cómo moitas cousas van empezar a tomar corpo dunha maneira que, ao mellor, si que lles empeza a disgustar. Nós, desde logo, señor vicepresidente, vemos que en menos dun ano se están dando mudanzas moi relevantes no que se refire ás políticas de xuventude, e alédanos especialmente –aínda que lles moleste aos señores da oposición–, que un dos compromisos que se adquiren nesta Cámara é o do anuncio dun incremento substancial, nun 20%, que creo que non se realizou nunca na historia da Xunta de Galiza, dos orzamentos dedicados ás políticas de xuventude.

E eu quixera salientar algunhas destas mudanzas que son relevantes e que tamén teñen a ver con algúns dos comentarios que fixo o voceiro do Grupo Parlamentario Popular. Eu creo que hai un primeiro cambio substancial e que é unha novidade moi importante tanto no que eran a práctica habitual da política xuvenil en Galiza como no resto do Estado, e é o feito de que a Dirección Xeral de Xuventude e as políticas de xuventude non dependan dunha consellería calquera senón que estén na Vicepresidencia, que efectivamente ten un rango superior –pode non gustarlles pero eso é así– e supón darlle unha relevancia política que a ninguén se lle escapa. Como tampouco creo que sexa unha novidade dicir que até este momento as políticas de xuventude eran a “maría” do Goberno da Xunta de Galiza, que paseaban sen absolutamente ningún tipo de problema e que resolvían con tres programas e con tres políticas destinadas ao ocio sen absolutamente ningún maior contido nin ter realmente ningún interese por darlle unha transversalidade e por ampliar tamén o propio marco de actuacións da Dirección Xeral de Xuventude, que nós cremos que é algo moi importante e que na comparecencia de hoxe o que si se constata é que a Dirección Xeral de Xuventude fai algo máis que políticas de escaparate e que políticas destinadas ao ocio e ao tempo libre.

Tamén creo que hai unha diferenza moi importante a respecto sobre todo da concepción e do papel que se lle dá á mocidade. E un elemento que nós reiteramos en moitas ocasións no pasado e que agora parece que vostedes empezan, cando menos, a introducir no seu discurso, e era que a mocidade galega ten problemas moi importantes que afrontar no ámbito do emprego, no ámbito da vivenda, no ámbito do ocio ou no ámbito de ser capaces de desenvolver unha vida con normalidade. Cando nós estábamos aquí na oposición,

aquí non había paro, aquí non había emigración xuvenil, aquí non había precariedade e, en definitiva, a mocidade vivía nun país que parecía o país das marabillas. Creo que hai un cambio substancial e que agora mesmo hai consciencia dentro do Goberno galego dos problemas reais que ten a xente nova. E, desde logo, hai tamén un cambio de actitude que é moi importante, que é estar disposto a escoitar o que ten que dicir as diferentes organizacións xuvenís. Creo que aí, e deberían vostedes falar en todo caso máis con elas, que hai moitas asociacións xuvenís que este ano tiveron por primeira vez a ocasión de que o responsable directo das políticas de xuventude os escoitara directamente, e que era a primeira vez na historia deste país que alguén os recibía, que o recibía un alto cargo da Xunta de Galiza, e que se decidía a falar con eles para algo máis que facer propaganda. Eu paréceme que ademais na exposición –se se escoita con atención ou se se quere escoitar con atención o que foi a exposición que se fixo desde a Vicepresidencia– hai cambios substanciais que se empezan a vislumbrar e que van a ter moita máis forza e moito máis corpo nos anos vindeiros. E quero resaltar unha desas políticas, como é o Centro *Quérote*, de asesoramento afectivo-sexual, á mocidade que supoño que o señor Diego Calvo recordará que en ocasións nós reclamamos no pasado neste Parlamento que houbera servizos especializados de atención á xente nova en materia afectivo-sexual e que o Partido Popular se negou sempre a dar ese paso. Nós, en todo caso, si cumprimos cos nosos compromisos e vemos que hoxe xa temos o primeiro deles funcionando e que hai unha planificación concreta a respecto da expansión e da creación dunha rede de centros.

Tamén creo que hai que resaltar a diferenza substancial, por exemplo, en medidas como son a incorporación de xente nova ás actividades agrogandeiras, como un elemento estratéxico para a fixación de poboación no medio rural. Algo que, ademais, polos datos que se expuxeron e que tamén deu a coñecer onte o conselleiro do Medio Rural, en un ano conseguimos máis do que vostedes nunha lexislatura, co cal penso que os datos están aí sobre a mesa e que eses son as cuestións que hai que avaliar. Na mesma maneira que, efectivamente, suprimimos algúns programas que estaban funcionando mal por parte do anterior Goberno e que estaban sendo un fraude para toda a sociedade, como era esa bolsa de vivenda en alugueiro, que efectivamente se estaban beneficiando persoas que non tiñan que beneficiarse e que eran un auténtico fraude e que penso que foi suficientemente

explicados os motivos, os fraudes e tamén a alternativa que se puxo enriba da mesa. Creo que hai iniciativas, como é esa construción de pisos para estudantes en aluguer na vivenda da Coruña, que é unha novidade totalmente absoluta no contorno do Estado español, e me parece que intentar frivolar iso no sentido de que se vai facer un estudo para coñecer máis a fondo as necesidades en todo o país como unha contradición, en todo caso é non saber como atacalo e demostra que efectivamente é unha medida que ten base e que é unha medida importante. Ou tamén iniciativas das que vostedes fixeron moita propaganda pero que logo nunca vimos na práctica, como, por exemplo, poñer un bus nocturno para que a xente non teña obrigatoriamente que para poder saír de noite a divertirse teña que coller o seu vehículo e teña medios públicos á súa disposición. Ben, todo isto o fixemos en un ano, e moitas outras cousas. Creo, desde logo, que non son cuestións menores e que son cuestións que teñen moito a ver con algo que vostede non fixo ningún tipo de mención ao longo da súa intervención, e que as políticas de xuventude están para mellorar as condicións de vida da mocidade galega. E creo que nós estamos dando pasos nesa dirección.

Hai tamén outro tipo de cousas que creo que son importantes e que me gustaría resaltar, sobre todo falando un pouco da cara ao futuro. A nós nos parece que é moi importante o proceso e o paso que se abre coa elaboración dunha lei de xuventude. Desde o BNG entendemos que ese ten que ser un proceso participativo, aberto a toda a mocidade e cunha especial interlocución co que é o tecido asociativo que está organizado. Aí cremos que temos unha oportunidade para fixar un marco común en Galiza de políticas destinadas á xente nova e que, desde logo, lle dé algo máis de rango e algo máis de impulso ao que son a atención a unha parte moi importante da poboación de Galicia, que o certo é que foi quen veu padecendo en maior medida pois moitas das políticas regresivas que se viñeron practicando no noso país.

Tamén cremos que son moi importantes as accións do voluntariado. E permítanme que faga unha referencia a que nos gustaría, se é posible, que se entrara un pouco máis en cal vai a ser o papel do voluntariado do monte en todo o que ten a ver a recuperación e a restauración pois do que son da situación de moitos dos montes que hai hoxe en Galiza, porque cremos que esa é tamén unha acción estratéxica de cara ao futuro na que a implicación pois de xente nova e de xente non tan nova ten un valor tamén importante á hora de con-

cienciación e á hora de que en Galiza realmente ataquemos dunha maneira decidida o problema pois da actividade criminal que hai detrás dos lumes e no noso país.

E xa finalmente para rematar, nós simplemente lle queremos pedir rigurosidade ao Goberno para que non se repitan cousas como as que vimos no pasado. Nós, desde logo, cremos que se desde a Dirección Xeral de Xuventude se deu unha resposta de que cando se fixeran modificacións do plan estratéxico se iban a remitir á Cámara, pois tamén nos parece que é un acto de xenerosidade pola súa, parte posto que é difícil ver nin unha sola medida concreta dentro dese plan. E, efectivamente, é un caixón de xastre, sen obxectivos, sen orzamentos, sen prazos concretos, onde cabe todo. Nós esperamos que a rigurosidade que teña este Goberno vaia no sentido de non repetir cousas deste tipo, que haxa efectivamente compromisos concretos con prazos concretos, que se cumpran e que sexan verificábeis; e, no caso de non ser, tamén que se explique, porque iso forma parte da normalidade. E, sobre todo, non perder nunca de vista a necesidade de escoitar á xente nova deste país e darlle a oportunidade de ter na Xunta de Galiza un aliado e non un problema.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora Pontón.

Ten agora a palabra en nome do Grupo Parlamentar dos Socialistas o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Boa tarde.

Señor vicepresidente da Xunta, señoras e señores deputados.

Despois de escoitar a intervención do voceiro popular, a verdade é que un ten a tentación, digamos, de centrarse no recordatorio continuo e prolongado no tempo daquelo precisamente que non fixeron e do cal tiveron responsabilidade. Pero, como ben vostedes saben, a forma de ver a política que ten o Grupo Parlamentar Socialista é mirando cara adiante e falando das políticas, falando das políticas que hai que aplicar ao conxunto da poboación e das medidas concretas.

Señor vicepresidente da Xunta, é normal, é normal que o Grupo Popular acorde agora dos xóvenes, máis ben tería que acordar fai moito tempo. Tería que acordar fai moito tempo, porque precisamente quen borraron, quen borraron ao PP do Goberno, foron os xóvenes, e é por algo, porque nunca estivo na axenda do grupo que gobernou Galicia cando os que somos mozos tiñamos cousas que dicir e queríamos que alguén nos escoitara. E por eso coincido ca exposición que facía aquí o señor vicepresidente da Xunta cando falaba dunha serie de medidas que o Goberno galego está levando adiante, e que comparten a filosofía das políticas integrais que defende o Partido Socialista e o grupo parlamentario. Cando falamos de formar, cando falamos de informar, cando falamos de emancipación ou cando falamos de cidadanía plena, que para nós son os tres eixes vertebradores de calquera política integral, estamos a falar de accións que nun ano se están xa visualizando e se está vendo concretamente. ¿Ou é, ou é, que as bolsas para o aprendizaxe de idiomas no estranxeiro que levou adiante, que está levando adiante a Consellería de Educación, non é política para a mocidade? ¿Non é eso política para a mocidade? ¿Ou que, pola contra se faga unha aposta –que non fixeron os que tiñan antes responsabilidade– para dotar a todos os mozos e mozas que están nos centros públicos de ensino dun ordenador nos próximos tres anos, un ordenador para cada dous alumnos? ¿Non é eso política para os xóvenes? ¿Non é eso o que está a facer esa Consellería de Educación? Pois eu creo que si, ao igual que as becas para mellorar a formación dos mozos galegos noutras universidades.

Coincido plenamente, e creo que, ademais, de xeito moi claro, co arduo traballo que destacaba o vicepresidente, concretamente da labor que facía e que está a facer a Consellería de Política Territorial, cando en dous meses máis de 20.000 mozos e mozas, 20.400 mozos e mozas entre xullo e agosto utilizaban o noite-bus. ¿Iso non é unha medida dirixida, específica e implementada para a xuventude? ¿Esa medida que leva adiante, xa digo, con arduo traballo, esa Consellería de Política Territorial? Pois ¿que é o que pasa? O que pasa é que a vostedes lles sona a chino, ¿por que? Porque non o fixeron nunca, pero é que nin se lles pasou pola cabeza. E o que é peor, o que é peor, habendo normativa, habendo normativa dende marzo do 2005 –como vostedes deberían de saber ao respecto desa acción concreta– non puxeron nunca ningunha actuación en marcha. E teño que dicir, e teño que dicir que cando se fala de creatividade,

cando se fala de novas tecnoloxías, cando se fala de potenciar ese valor que teñen os mozos e mozas galegos, estamos a falar de accións como a mostra de curtametraxes, os cursos de páxinas web e outras accións que están a facer dende a Secretaría de Comunicación ou dende a Consellería de Cultura. ¿Iso non son accións para a mocidade? Entón, vostedes, ¿que é o que entenden para acción para a mocidade? Entenden precisamente o que fixeron durante o tempo que lles tocou gobernar, é dicir, facelo de costas e non facelo contando cos mozos.

A política do Partido Socialista é facer políticas integrais nas cales, nas cales, se ten que reflexar o sentir e o entender, e o entender, da mocidade; e da mocidade organizada tamén, e moito máis, entre outras cousas porque pulan por ese desenvolvemento e por esas políticas integrais.

Pero é que vostedes sónalles a chino falar de políticas de mocidade porque, cando falamos, cando falamosa, do subministro a través dos centros de atención primaria ou dos servicios de urxencia, da pílula postcoital, ¿estamos a falar de accións cara á mocidade e dirixidas especificamente en gran parte para a mocidade? Pois si, e esa acción a está levando adiante a Consellería de Sanidade. Son accións que leva a cabo o Goberno, ¿si ou non?

Señor vicepresidente, é normal que os que aínda non entenden que están na oposición pois sigan divagando e non entendan cales son as preocupacións da xente moza deste país. As preocupacións van na liña do que vostede apuntaba e nós o compartimos plenamente. E compartimos plenamente que mentras antes parecía que había plans para exportar aos xóvenes galegos, expulsalos do país, agora o que se produce é unha redución dese desemprego, nun ano unha redución moi significativa. ¿E por que? Porque hai dez medidas urxentes para a empregabilidade dos xóvenes que puxo en marcha o conselleiro de Traballo e que afectan directamente ás políticas de mocidade. Eso é falar de cousas concretas, é falar de datos concretos e é falar de accións que repercuten na realidade que viven os mozos e as mozas. Ao igual que políticas de vivenda que favorecen o aluguer ou aquelas que favorecen a adquisición de vivenda protexida. E poderíamos seguir falando. Aquí se citaron o millar de xóvenes incorporados á actividade agrícola, podíamos falar dos plans de actuación dirixidos a incorporar mozos e mozas á actividade pesqueira da Consellería de Pesca e

podemos falar de moitos máis temas. ¿Cal é o problema? Que vostedes aínda non saben hoxe o que significa unha política integral de mocidade, porque en todo o tempo que tiveron nos sitios onde gobernan non practican precisamente iso, practican o facer a política para a xuventude sen a xuventude. E así a verdade é que non se vai a ningún lado, señores do Partido Popular.

Señor vicepresidente, nós coincidimos plenamente no que vostede destacaba: a gran labor que está a facer a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Goberno na implementación do Plan de normalización lingüística. Cremos que é fundamental, cremos que se está dando resposta cumprida, hai que facer moito máis, sen dúbida, traballar tamén na escolarización en galego, sen dúbida ningunha, sen dúbida; a pesar, teño que decirllo, dalgunhas críticas que se escoitan. É dicir, nós compartimos con vostede que se está a facer un traballo, que hai que facer máis, pero que a normalización lingüística tamén estamos avanzando.

E, miren, o que nós entendemos, o que nós entendemos que é fundamental, é apostar por esas tres liñas: información e formación, mellorando a rede de información xuvenil. Mellorar a RIX é fundamental. É fundamental que as oficinas de información xuvenil dos concellos e as casas da xuventude pasen a ser centros de actividade xuvenil. É preciso facer as revisións oportunas para que esos sexan centros para a mocidade.

E temos exemplos, temos exemplos do Centro Municipal de Información Xuvenil da Coruña, que xunto con Barcelona e Xixón son hoxe en día modelos en toda España e en toda Europa en canto a información e a formación de mozos e mozas. Co cal eu creo que temos tarefa avanzada.

Cando falamos de emancipación e falamos das medidas que tomou o Goberno galego, a Consellería de Emprego, a Consellería de Vivenda, tamén temos que dicir que hai que prestar especial atención á discapacidade, a favorecer a autonomía persoal daqueles xóvenes con accións de discriminación positiva, e temos que dicir máis: que a muller é dobremente discriminada por ser xoven e por ser muller, e aí tamén necesitamos reforzar todo o traballo que se poida por parte do Goberno galego e a min non me cabe ningunha dúbida que vostede na súa intervención apuntouno en varias, en varias ocasións.

Pero teño que decirlle tamén, señor vicepresidente do Goberno, que, coincidindo na liña xeral que vostede apuntou –supoño que foi un esquecemento–, non mencionou o Consello da Xuventude de Galicia, que é unha entidade de dereito público, unha entidade creada pola Lei 2/87 deste Parlamento, e que é fundamental á hora de diseñar, de elaborar e de implementar as políticas de mocidade.

E xa nese sentido lle digo, creo que temos unha coincidencia plena con vostede, creo que é necesario que Galicia conte co primeiro Plan integral de mocidade 2007-2010. É preciso que as políticas se empecen a diseñar non para darlle só –que tamén– máis protección aos mozos e ás mozas, senón máis oportunidades, máis autonomía e maior capacidade. En definitiva, o ser libres, o ser cidadáns de pleno dereito, e do que se trata non é nin máis nin menos que os mozos non son só futuro, son presente.

A min, a min hoxe, despois de escoitalo a vostede aquí, quedame a tranquilidade de saber que a implementación das accións do Goberno van nesa liña. Creo, creo, que estamos a traballar no camiño axeitado. O presidente da Xunta no seu día fixo un compromiso explícito e claro, vostede hoxe aquí volveu a facer mención explícita e clara. Necesitamos unha lei galega de xuventude, necesitamos a reforma do Consello da Xuventude de Galicia. E, por certo, eu alégrome moito do incremento do 20% dos orzamentos, entre outras cousas, porque os feitos son os que demostran que a política se fai con obras e non con promesas ou con anuncios, e vostede aquí dixo algo moi certero: ese 20% espero que redunde e redundará seguramente nos mozos e nas mozas galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage Tuñas.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Señora presidenta, señorías, agradecer todas as aportacións trasladadas polos diferentes portavoces parlamentares. No caso do Bloque Nacionalista Galego e da súa voceira, así como no caso do voceiro do Partido Socialista, agradecer as súas aportacións sobre todo e a coincidencia que manifestan coa política seguida polo

Goberno galego en materia de xuventude. Houbo algunhas interrogantes que quedaron nas súas intervencións que, dalgún xeito, quixera despegar.

Para nós o programa de voluntariado para defensa do monte galego significa varias cousas; entre elas, non menos importante, sermos capaces de dar resposta en tempo e forma a unha demanda que demostra tamén unha característica da sociedade e da mocidade galega, o seu espírito solidario e o seu amor ao país.

Penso que foi un acerto poder canalizar e organizar ese inmenso caudal de traballo que a xente estaba disposta a pór a disposición do país. E xa dixen antes que as cifras son reveladoras con eses 6.000 anotados nese teléfono despois de mes e medio da súa posta en práctica.

O 70% dos que se anotaron no seu día eleixeron, entre as diferentes variedades de traballo voluntario que se lle ofertaron, a de recuperación do monte queimado. Xa dixen antes que boa parte deles, case o 70%, son persoas entre os 18 e os 35 anos. Agora xa se puxo en marcha, unha vez que cesou a vaga de lumes –e esperemos que non volva–, xa se puxo en marcha o programa de recuperación en coordinación cas Consellerías de Medio Ambiente e a Consellería de Medio Rural. A través delo, grupos de voluntarios, en colaboración coas comunidades de montes e dirixidas por técnicos da Administración no ámbito da Consellería de Medio Ambiente ou no ámbito da Consellería de Medio Rural, están a levar adiante xa diferentes tarefas; por agora, e de momento, de adaptación do terreo para evitar a erosión, máis adiante labores de reforestación seguindo os mesmos criterios técnicos.

Por parte do portavoz socialista manifestou entre outras a súa preocupación pola rede de información e fixo unha mención expresa ás oficinas de información xuvenil. Nós temos que manifestar, manifesto e aproveito a comparecencia para manifestar, bueno..., dende logo, a nosa inquedanza ao respecto tamén da situación, o noso descontento e, dende logo, o noso convencemento dunha transformación necesaria nesa rede.

Para quenemos tivemos a oportunidade –e creo que non somos demasiados nesta Cámara– de estar nos dous lados da responsabilidade da Administración –e non me refiro ao Goberno e á oposición, senón estar nas alcaldías e agora aquí

no Goberno galego— sabemos da dificultade dos concellos galegos para poder utilizar convintemente os recursos financeiros que moitas veces se lle atribúen dende o Goberno galego para labores de información xuvenil. E todos o diremos eiquí, e non berraremos demasiado, que moitas veces non acaban precisamente destinadas a ese fin. E non por unha maldade dos alcaldes que así o queiran facer, senón simplemente porque a estrutura administrativa-organizativa do propio concello fai moi difícil manter unha estrutura permanente de información xuvenil co recurso financeiro que a Xunta de Galiza lle pode aportar, e tampouco o concello ten demasiadas posibilidades de mantela por si mesmo.

Por eso, nós estamos estudando e trasladaremos en breve á Cámara unha reformulación desta rede de información da que podó dar unha característica básica do cambio: a Xunta de Galiza ten que ter unha maior implicación, e unha maior implicación non sóo financeira, maior implicación tamén de organización desa rede. Non se pode a Xunta de Galiza eludir a súa responsabilidade na información xuvenil e lavar a súa conciencia dando unha sorte de subvencións e transferíndolle a responsabilidade única aos concellos. Temos que intervir de xeito directo e, dende logo, a modificación por aí irá, e esta Cámara, dende logo, será informada no seu momento ao respecto.

Non foi un esquecemento o Consello da Xuventude de Galiza, aínda que unha mención a esta importante institución nunha comparecencia coma esta é obrigada. Pero deliberadamente eu non o fixen porque creo que o cambio de relación do Goberno galego co Consello da Xuventude está precisamente en non equiparalo ao conxunto de asociacións que levan adiante a súa actividade en materia de xuventude en Galiza. O Consello da Xuventude non pode ser eso. O Consello da Xuventude non pode ser para nós unha asociación máis, o Consello da Xuventude ten que ser un órgano representativo que serva, ademais, como canle de participación da xuventude e de relación da xuventude co Goberno. Por eso nós temos iniciado un novo modelo de relación co Consello da Xuventude que ten que ser [...] para que o Consello da Xuventude, por exemplo, participe nas mesas de avaliación das subvencións que despois acaban recibindo as diferentes entidades de Galiza.

Temos iniciado unha nova relación co Consello da Xuventude, que, entre outras cousas, intenta dotar a ese con-

sello dunha estrutura mínima que lle permita manter a súa actividade, independentemente dos vaivéns institucionais que existan. Ata agora o Consello da Xuventude é que ata tiña que pedir unha subvención para manter o seu local. Unha das relacións, da nova relación, vai, entre outras cousas, a significar que o Consello da Xuventude podá ter unha infraestrutura mínima asegurada para levar adiante a súa función.

Con respecto ao que traslada o deputado don Diego Calvo, en representación do Partido Popular, dicirle que eu antes manifestei algunhas características que estou convencido que a mocidade galega ten: a súa capacidade creativa, a súa capacidade de implicación co país; esquecéuseme de dicir unha que aproveito agora para dicir: eu creo que tamén outra característica da mocidade galega é ter certa capacidade de sentido do humor, ¿non? Dígoo porque a súa intervención, a verdade é que máis que parecer que falar de xuventude parece que estamos falando de tsunami, ¿non?, dun auténtico desastre que nos vén a todos encima. Eu creo que a estas cousas hai que tratalas con seriedade, pero, home, tamén co certo rigor que nos pode dar o trato fóra de calquer tipo de vehemencia, ¿non?

Nese sentido, eu teño que aclarar en primeiro lugar, que sabe esta Cámara e todos os grupos parlamentares que o vicepresidente do Goberno galego está á súa disposición, e que si teñen interés en que o vicepresidente comparezca nesta Cámara para calquera tema, non teñen máis que pedirlo. Neste caso vostede dice que eu no comparecín nesta Cámara para explicar a política de xuventude. Seguramente esqueceu, cando dixó esto, de que eu comparecín a petición propia e a petición do seu grupo ao inicio da lexislatura para explicar a política xeral do meu departamento entre os cales, falei da política de xuventude. Vostedes, despois, consideraron oportuno que volvea a comparecer. Hoxe comparezco a petición súa. Vostede probablemente téñolles escoitado eiquí criticarnos ao Goberno que cada vez que vostedes fan unha comparecencia nós introducimos outra a petición propia como se tivéramos reparo a comparecer aquí a petición do Partido Popular. Eu comparezco hoxe a petición exclusiva do Partido Popular, pero concédame vostede que vostede fixo esta petición o 20 de maio, os meses de xullo e agosto non son hábiles. Na primeira oportunidade eu estou aquí comparecendo. Polo tanto, creo que vostede me pode criticar todo o que considere oportuno, que está no seu dereito,

pero desexos de non estar nesta Cámara pódolle asegurar que non. E cantas veces o solicite, así o faremos.

O que si creo é que debe de pórse vostede de acordo consigo mesmo á hora de calificar a política de xuventude do Goberno. Porque, claro, ou é continuísta ou é revisionista, pero soplar e sorber non pode ser ao mesmo tempo. Ou é continuísta ou é revisionista. Vostede nos acusa de que non fixemos nada novo para, a renglón seguido, acusarnos de que quixemos destruír todo o que vostedes fixeron. E nin unha cousa nin a outra, señor Diego Calvo, nin unha cousa nin a outra.

A nosa política baséase, como xa dixen antes, primeiro, en valorizar o ben feito –porque algunhas cousas estaban ben feitas, claro que si–, intentar que aquelas boas intencións declaradas pero que nunca se executaron, axilizalas para que se executen; as cousas que estaban ben promovelas aínda máis e dotalas de máis recursos, e cambiar aquelas que consideramos que non estaban ben, e vostede terá que coincidir comigo que moitas non estaban ben, e así o estamos facendo.

Pero, por riba deso, eu creo que hai unha característica na política de xuventude do Goberno que vostede terá que recoñecer –e os datos que eu aquí revelei penso que o avalan–, que é o seu carácter transversal. Eu non veño a falar eiquí en nome dun departamento concreto do Goberno galego que se dedica a facer cousas para a xente xove. Eu veño a falar como vicepresidente, en nome do Goberno galego, e dun goberno que en todos os seus departamentos asume a política de xuventude como algo fundamental. E por eso temos hoxe a oportunidade de relatar eiquí planos para a xuventude no ámbito da vivenda, no ámbito do traballo e do emprego, no ámbito da educación, no ámbito da sanidade, no ámbito da cultura, no ámbito da innovación, no ámbito do medio rural..., porque así ten que ser a política de xuventude. E, polo tanto, penso que é un acerto, por parte do Goberno galego, residenciar a coordinación da política transversal de xuventude non nun departamento concreto, senón nun departamento do Goberno que poda exercer na práctica esa labor transversal, neste caso a Vicepresidencia. Penso que esto débese de valorar nos seus xustos termos, porque, se non, dende logo, estaríamos a falar de algo que non obedece á realidade.

Por certo, que este Goberno non só aposta pola política transversal, senón que ten o cometido, a obriga e o obxecti-

vo, como antes dixen, de converter a política transversal en obrigatoria; é dicir, non coxuntural. E a eso se debe a Lei da mocidade galega. Nesa lei, o Goberno o que pretende, entre outras cousas, é instaurar por lei, non por coyuntura política, a necesidade –sempre, sexa o goberno que sexa–, de que haxa unha política para a mocidade transversal. Penso, polo tanto, que é unha aposta ambiciosa, e eu creo que está moi en contraste coa política anterior. Porque vostede... Eu a verdade é que non fixen especial mención, porque non quería votar leña ao lume..., é vostede quen saca eiquí o Plano estratéxico en política de xuventude.

Permítame un consello, non lle volverei dar outro: eu de vostede non o faría, porque, francamente, vostede sabe que non hai tal plano estratéxico. O plano estratéxico que ten ese nome o que é é un compendio de actuacións realizadas polas diferentes consellerías, sen obxectivos, sen temporalización, e que, francamente, para nós, con todo o respecto, non merece o nome composto de plano estratéxico. Por eso nós o que estamos dispostos é a levar adiante políticas transversais que podan ser perfectamente especificadas, compartidas cos grupos parlamentares. Vostede falou aquí da súa proposta –que non entendín moi ben, pero, en calquer caso, seguro que é positiva–, de compartir políticas en sede parlamentar. Unha vez que vostedes teñan substanciado a proposta, estudiaremos dende a mellor consideración de que estamos sempre dispostos, e ademais desexosos, de poder compartir cos grupos parlamentares a política de xuventude e todas as políticas que queremos facer.

Efectivamente, había cousas que cambiar, e, polo tanto, non podemos facer unha política continuísta en todo. ¿Ou podemos estar contentos e tranquilos de que o Goberno galego teña unha serie de instalacións inscritas por todo o país adiante, que a día de hoxe, a día de hoxe, nin siquiera cumpren as normas de seguridade básicas que o propio Goberno galego lle esixe a calquera instalación de índole privado? Pois eu penso que é unha deficiencia que vostedes nos deixan, e non é pequena; e non é pequena. Pero non sólo eso, senón penso que tampouco nos podemos permitir ter unha pléiade de instalacións –por certo, estratexicamente ubicadas, moi ben ubicadas en moitos casos–, e que permanecen pechadas dez meses ao ano. Penso que é un dispendio de recursos que non nos podemos permitir baixo ningún concepto. E precisamente porque facemos política transversal, precisamente porque a política de xuventude, lonxe de estar

residenciada nun departamento concreto, é política para todo o Goberno, podemos agora pornos como meta que esas instalacións acaben tendo utilidade durante os 365 días do ano. É que eso había que cambialo, señor Diego Calvo, e estamos en elo. Estou seguro que vostede non nos vai propor política continuísta en ese apartado.

Igual que penso que no tema da seguridade vial é necesario tamén valorizar o feito. Todo o que se faga neste ámbito será ben, todo; todo o que se faga será ben. Pero penso que, canto máis fagamos, moito mellor, e é a nosa obriga intentar valorizar os recursos e optimizalos. Vostede falou dun programa que antes se facía e que nós deixamos de facer; un programa para coñecemento da Cámara que, independentemente do seu nome, intentaba adiestrar ás persoas en destreza vial en base, ¡bueno!, pois a estes coches que se poñen nun circuío en diferentes pobos e, á parte de pasalo ben, pois, aprendes cales son as sinais de tráfico. Ben, eu creo que está ben; todo está ben. Todo é positivo. Eso é positivo. Pero non me estraña que á Dirección Xeral de Tráfico lle importara moito que continuara ese programa, entre outras cousas porque é a súa obriga facelo. Nós pensamos que era mellor que os nosos recursos volcalos en programas de intervención máis efectivos. E, francamente, que haxa un goberno cunha consellería de Política Territorial que teña posto en marcha un programa que vai á cerne do problema... Si queremos que haxa seguridade vial para a xente moza, o que temos que procurar é diminuír os traxectos en automóbil particular. E que, por primeira vez, haxa un programa dirixido, precisamente, a fomentar o transporte público. Un programa que non subvenciona nin que elude responsabilidades senón que vai á cerne do problema penso que é un cambio importantísimo. E que eso sexa acompañado pola Vicepresidencia, pola Dirección xeral de Xuventude, cunha campaña de sensibilización como a que se fixo a través da campaña *Eu controlo*, penso que é un cambio substancial, aínda que, coincido con vostede, que non definitivo. En esto, todo o que fagamos estará sempre ben e sempre quedará moitísimo por facer.

¡Claro! vostede pode pedir o que considere oportuno e estará no seu dereito, pero, por unha cuestión de efectividade, eu lle pido que non me pida continuidade na política de vivenda. Non vai ser posible. Vai a ser que non. Vai a ser que non. Vai a ser que non, porque, ¡claro!, vostede terá que entender que non podemos estar contentos ca política de

vivenda anterior e, sobre todo, cos seus resultados. Non sólo ca política de vivenda, senón ca política de xuventude en xeral, pero referida á vivenda. Vostede mostraba preocupación porque co novo plan de aluguer moitos mozos no medio rural iban quedar sin posibilidade de acceso a ese programa. Pódolle asegurar que non, que van ter o mesmo acceso. O problema non é ese, señor Diego Calvo, o problema, ¿sabe cal é? Que vostedes, a base da política que fixeron dezaseis anos, en moitos sitios do medio rural, xa non quedan mozos e, polo tanto, xa non hai demanda de vivenda; ese é o problema. Ese é o problema. Pero non se preocupe que no noso programa o que faremos será para todos os mozos, e con especial mención ao medio rural. Pero nós non podíamos continuar mantendo un programa de Hipoteca xove, que, entre outras cousas, chegou a subvencionar a compra, por parte de menores de 35 anos, de vivenda de ata 480.000 euros. Non creo que esa era a prioridade en Galiza da mocidade galega; unha bolsa de alugueiro que, á parte de significar un inmenso fraude, deixou na estacada a moitísima xente e, sobre todo, fixo un efecto tremendamente negativo no precio da vivenda de aluguer. En cidades como Vigo se rexistrou unha suba dos prezos de aluguer de ata un 25% gracias á actuación da bolsa de alugueiro posto en marcha con vostede. Nós eso..., continuísmo, aí, señor Diego Calvo, pódolle asegurar que non.

Temos posto en marcha unha nova política de vivenda que eu penso que é significativa, tanto no que significa para a xuventude como o que significa como política do goberno en carácter xeral. Fíxese, ¿cal é a diferenza fundamental en política de vivenda antes e agora, máis alá de orzamentos, máis alá de programas? Pois unha característica que eu penso que se podía estender a outras facetas do Goberno. A característica antes, ¿cal era? Os mozos teñen un problema de vivenda. O problema é dos mozos, o problema é dos mozos, e o Goberno galego o que vai facer é axudalos con subvencións, co que faga falta, para ver se paliamos ese problema. Ese é un xeito de gobernar, dende o meu punto de vista, totalmente equivocado. ¿En que consiste o cambio? Pois, o cambio consiste en que nós pensamos que o déficit de vivenda para a xente xove non é un problema da xente xove só, é un problema da sociedade no seu conxunto e, polo tanto, é un problema deste Goberno, e a nosa obriga non é eludir responsabilidades senón actuar de xeito directo no parque de vivendas para que haxa vivendas para a xente xove, e, por eso, a Consellería de Vivenda puxo en marcha

ese proxecto que antes lle comentei, e que significa a creación xa, de xeito inmediato, de 400 vivendas en colaboración coa Universidade da Coruña. Pero, ao mesmo tempo, como non nos vamos autosatisfacer, non nos vamos eiquí unicamente a mirar o ombligo e pensar que xa facemos moito, ao mesmo tempo o que estamos a facer é que este ano, co sobre de matriculación de toda a xente moza nas universidades, vai un impreso no que lle pedimos que nos relate cales son as súas necesidades e desexos en materia de vivenda, para que as futuras actuacións, ademais de incidir nun problema tan grande, vaian o máis atinadamente posible á demanda existente.

Polo tanto, onde antes había pasividade, agora hai intervención, e ese penso que é xa en si mesmo un cambio moi, moi importante.

¡Claro!, eu tampouco falei intencionadamente do Plan Labora, pero vostede me anima, e, entón, algo teremos que falar delo, ¡claro! Bueno, en materia de emprego, toda as opinións son respectables, pero un goberno, unha forza política que tivo a responsabilidade do goberno durante dezaseis anos e que tivo que contemplar como miles, e miles, e miles de mozos e mozas galegas tiveron que marchar do país para buscar traballo fóra, ten que resultar complicado falar de política de emprego agora. E, ¡claro!, se se fai para ensalzar un plan como o Plan Labora, entón penso que o problema é aínda máis grande, entre outras cousas porque vostede ten que saber que máis do 90% dos contratos deste tipo –a través do Plan Labora– producíanse ca Administración pública, non habendo, ademais, garantía de continuidade da situación laboral despois dun ano. A medida estrela do anterior Goberno ten provocado que a duración media dun contrato de traballo en Galiza para os mozos e mozas de menos de 35 anos non supere os 80 días; un plan absolutamente desconectado da realidade e do interese real dos mozos e mozas galegos.

Agora, o Goberno galego, a través da Consellería de Traballo, vén de sacar dez medidas para a empregabilidade da xente moza en Galiza cun orzamento de 130 millóns de euros. Outra vez intervención directa. Francamente, señor Diego Calvo, eu, da non existencia xa do Plan Labora non sei que é o que máis lle preocupa a vostede, se é que non exista o Plan Labora para a mocidade, ou é que algúns alcaldes non podan seguir contratando de determinado xeito a

algunhas persoas, que todo pode ser, que todo pode ser, e as dúas son preocupacións loables. En calquera caso, a nosa intervención directa en materia de emprego non se queda só en eses programas, senón no feito, penso que tamén salientábel e diferenciador, de que a Consellería de Medio Rural, a diferenza do que se facía en etapas pasadas, non subvenciona xa o peche de explotacións, non subvenciona xa o abandono da actividade agraria gandeira, subvenciona a inclusión de xente moza no medio rural: 1.100 novas incorporacións de xente moza neste ano. E por ese camiño vamos a seguir, e estou seguro que para elo contaremos coa colaboración de todos vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor vicepresidente.

Turno de réplica de grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Ten a palabra o señor Diego Calvo polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CALVO POUZO: Gracias, presidenta.

Nós xa lle dicíamos na primeira intervención o que pensamos da política xuvenil da Xunta, e llo volvo a repetir agora: defraudou a todos, traballan pouco e non innovan nada. E eso acábase pagando.

Dime vostede que non nombre..., que como me atrevo a nombrar o Plan estratéxico de xuventude, que non existe, e que mellor é non nombralo. A verdade é que eu xa non entendo nada. Eu non entendo nada. Son vostedes, e llo dixen antes, nesta resposta a que me din –textualmente ¡eh!, para que non pensen que vou inventar nada–: “A respecto da continuidade deste plan, é pertinente lembrar que o seu remate está previsto para o ano 2007, e que foi presentado no seu día ao Consello da Xunta. Polo que, neste intre, as accións contempladas no mesmo seguen estando presentes nos distintos ámbitos de actuación dos departamentos da Xunta implicados. Isto non significa que non se analicen novas formas de compromiso –loxicamente, ¡faltaría máis!– das distintas consellerías para levar a cabo políticas de xuventude”. Pero, ¿está presente ou non está presente? ¿Valen ou non valen? Porque esta é unha contestación súa,

non é miña; é do seu Goberno, é de vostedes. ¡Home! onte mesmo pola tarde estiven metido na páxina de Internet, na rede de información xuvenil, no *rix.org*, e aparece perfectamente publicado todo o Plan estratéxico de xuventude aprobado polo anterior goberno, polo anterior goberno.

E permítame, e permítame, eu faría un reto; un reto non, unha especie de..., non sei como chamalo exactamente, pero todas as medidas que vostede hoxe anunciou aquí, e vou poñer un exemplo, esas novas medidas para incrementar a empregabilidade da xente moza, para incrementar a empregabilidade da xente moza, que se contrasten na páxina *web* no RIX, que entren no Plan estratéxico de xuventude, no plan estratéxico de xuventude, concretamente xa lles vou dicir as páxinas: da 79 á 87. E que se comprobe se esas medidas que vostedes anuncian sempre como grandes novidades e grandes apostas existían ou non existían nun Plan estratéxico de xuventude. Pódense comprobar, pero non só en emprego, en vivenda, en mobilidade –¡que tivemos que escoitar aquí cada dato en mobilidade tremendo, cada dato en mobilidade tremendo!–, en asociacionismo, en cultura. Ese plan estratéxico xa estaba aprobado, e está publicado por vostedes, o manteñen nesa páxina *web* e que se comprobe as medidas que aquí anunciaron como novedosas se están incluídas ou non neste plan estratéxico, e despois empezamos a falar, porque eu realmente non entendo nada. (*Aplausos.*)

Falan vostedes do voluntariado. Eu a verdade é que pensei que do voluntario, señor vicepresidente, iba a decidirle pouco tempo, porque entendo que non controla moito de voluntariado. Primeiro, é a competencia que menos traballan. Din que fixeron un congreso, efectivamente, do que non existen conclusións –as que antes tanto pedían, pois non existen–, e ademais a un nivel bastante lonxe do anterior. E falou en concreto do voluntariado do monte galego. Mire vostede, hai un exemplo..., este voluntariado é un exemplo de propaganda, de descoordinación e de ineficacia. Hai un artigo, este mesmo fin de semana, no *Faro de Vigo* (domingo 17 de setembro do ano 2006), no que explica claramente como funciona este voluntariado, e explícanos os nosos voluntarios. Din: Fumos citados ás nove e media –o traslado, por suposto, pola súa conta; noutros casos sempre se tiña en conta isto, pero agora é o traslado pola súa conta–, tiveron un descanso dende a hora de chegada, ás nove e media, ata as once. Claro, é que non chegaran as semillas para facer o traballo que tiñan que facer; polo tanto, comezan a súa xor-

nada cun descanso de hora e media. Ademais, recibiron unha importante arenga. O alcalde de Pontevedra foi por alí e lles dixo –era no caso do tema de Puntillón, por iso foi o alcalde de Pontevedra– e lles dixo que, efectivamente, que sembrasen abundantemente que para o ano hai o campeonato de piragüismo, o Campeonato de Europa de piragüismo, entón, tiña que estar todo moi verde; entón, que sembrasen sen ningún problema. Unha importante arenga. E di outra voluntaria: Claro, é que eu o fin de semana pasado, que son de Pontevedra, me mandan a Monforte. É que nin sequera teñen feita unha base de datos, nin sequera teñen feita unha base de datos: ¿Ou é que mandaron a propósito unha voluntaria de Pontevedra a Monforte? Non hai ferrados queimados en Pontevedra? Eu creo que ten que haber ferrados queimados en Pontevedra. ¿non? polo tanto, non sei de que estamos falando.

Falaba vostede do Conxuga, e dicía que non o había utilizado na primeira intervención, ¡home!, e falaba da transversalidade. Eu as citas que dixen e que reproducín aquí son literais, literais: na Comisión non permanente de Estudio e da Situación da Mocidade que había na pasada lexislatura. Eran do que era antes o representante dunha organización do BNG e a día de hoxe director xeral de Xuventude. ¿É que tanto cambiou a situación dos mozos? Mire vostede, ao Conxuga non se lle fixo caso e sigue, a día de hoxe, sen facerse caso. Ese plan de vivenda que vostedes anunciaron... E non foi o Partido Popular o que presentou unha iniciativa senón o Partido Socialista nunha comisión neste Parlamento, nesta lexislatura, preguntou cal había sido a participación do Conxuga no deseño desas políticas de vivenda. ¿Sabe cal foi a contestación? Ningunha. ¿É que agora a Dirección Xeral de Xuventude pode facer políticas transversais e fai un ano non podía facer políticas transversais? Eu non o creo.

Pero, bueno, en definitiva, acabando. Falaba vostede de que non lle explicara ben, seguramente, o que era a comisión e a proposta que eu facía, e que vostede a estudiaría. A proposta é moi clara. Hai a posibilidade de crear unha comisión non permanente para o estudo da situación da mocidade, igual que se creou na pasada lexislatura. Nesa comisión se citan responsables de distintas asociacións e responsables políticos e sindicais, de calquer tipo de asociación e veñen a dar o seu punto de vista, e as aportacións que eles fan se aproveitan para facer a política de xuventude. Na pasada lexislatura todos estábamos de acordo, todos estaban encan-

tados, incluído o que hoxe é director xeral de Xuventude, que xa compareceu nesa comisión. Eu lle pregunto se vostede vai apoiar, como tamén integrante do Bloque Nacionalista Galego, e ademais como vicepresidente, se vai apoiar, se lle parece ben, que nós presentemos esa iniciativa e cal vai ser o voto do Bloque Nacionalista Galego no seu caso, porque vostede tamén é o presidente do grupo parlamentario.

A señora PRESIDENTA: Prégolle que vaia rematando, señor Calvo.

O señor CALVO POUSO: Polo tanto, é bastante claro.

En vivenda –xa remato, señora presidenta–, mire, o que pasa en vivenda tamén seguramente o expliquei mal. Só vai haber axudas para vivendas protexidas. Iso quedou claro dende un principio, o problema é que en algún municipio do ámbito rural pode darse o caso de que non existan vivendas protexidas, e vostede, que foi alcalde, aínda encima dun municipio pois que tampouco é o máis grande, pois sabe a que me estou referindo; seguramente coñeza algún municipio no que vai ser moi difícil que existan vivendas protexidas. Polo tanto...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

O señor CALVO POUSO:... polo tanto –remato, señora presidenta–, ¿a que tipo de axudas se poden acoller os mozos e mozas que vivan neses concellos?, porque non van ter axudas para vivendas protexidas porque non hai vivendas protexidas nese concello. Eso é ao que me estaba referindo. Seguramente me expliquei mal, espero a resposta na súa seguinte intervención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, moitas gracias.

Señora Pontón Mondelo, polo Grupo Parlamentario do BNG, ten a palabra.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señora presidenta.

É unha pena que non teña outro turno, señor Diego, porque a min gustárame que me aclarara un dilema no que, escoitando a súa intervención, me estaba metendo. Por un lado di que o que está facendo a Xunta decepciona a mocidade, que ten a todo o mundo dicindo que esto é un fracaso,

pero, por outro, dinos que o que se fai en política de xuventude é porque vostedes o deixaron deseñado. A verdade é que me debería de aclarar esto porque están entrando vostedes nunha contradición argumental que é moi importante.

Eu creo que vostedes deberían de ter tamén moito coidado cando falan do voluntariado, porque hai unha historia relativamente recente, e aínda me estaba comentando un compañeiro de grupo que el se apuntou no voluntariado do *Prestige* e aínda está esperando a que o chamen. Creo que o teléfono do voluntariado do monte está chamando á xente, está habendo unha resposta. E esa voluntaria, se foi, desde logo, a plantar semillas a Monforte, que, bueno, hai aquí unha concelleira que tamén decía que tampouco hai ningún problema ir a repoboar o monte a Monforte– é porque a chamaron e ela aceptou ir a ese lugar. Co cal, creo que se está facendo un uso demagóxico dun teléfono que está tendo un resultado, desde logo, moi importante e que está cumprindo unha labor na que me gustaría ver colaborando ao Partido Popular, e non sementando difamacións a respecto do que pasou neste país e a respeito do que se está facendo. *(Aplausos.)*

Despois, vostedes... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Espere un segundo, señora Pontón.

Por favor, lles prego que guarden silencio e que escoiten con respecto a señora Pontón Mondelo, co mesmo respecto que escoitaron o anterior voceiro do seu grupo.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señora presidenta.

Non me sorprende, en todo caso, a actitude que están tendo porque é algo reiterado por parte do Partido Popular. En todo caso, tamén creo que sería convinte que fixeran un pouquiño mellor os deberes a respecto das medidas que hai neste momento, porque se están dicindo cousas que non son reais, e vostede, como portavoz en temas de mocidade, creo que, por exempl, debería de saber que o novo Plan de vivenda da Xunta de Galiza prevé que naquelas zonas onde non se constrúa vivenda protexida se poda protexer vivenda usada; co cal, me parece que hai un cambio substancial que vai supoñer un avance moi importante, e que vostedes, desde logo, non o ofertaban. Se non lles gusta que nós tomemos decisións e que avancemos na boa dirección, desde logo,

non é o noso problema porque neste momento o noso papel neste país é o de levar adiante políticas e non facer simplemente demagogia, como están vostedes facendo.

Gustaríame tamén facer mención a outro tipo de cuestións que me quedaron antes pendentes na intervención anterior. Nós cremos que é moi importante mellorar os mecanismos de información que hai á disposición da xuventude neste momento. Criticamos e cremos que hai moito que mellorar en canto á difusión da información e ao achegamento de información á xente nova deste país e tamén á xente nova do exterior, e cremos que nese sentido hai que levar adiante e acometer, coa fortaleza que sexa necesaria, esa reforma da rede de información xuvenil, que, nalgúns lugares, desde logo, non cumpre ningunha función a respecto de difundir a política de información xuvenil.

Logo quixera salientar que para o noso grupo a prioridade que debemos de ter para o ano 2007 é a elaboración desa Lei de mocidade, que si ten que supoñer un cambio importante nas garantías para levar adiante políticas xuvenís e un salto cualitativo no rango que esta teña e tamén nas obrigas que ten que asumir a Xunta de Galiza en canto á transversalidade. Creo que temos moitas experiencias neste país de elaboración de planos que logo non cumpren absolutamente ningunha función, e creo que o salto cualitativo substancial o temos que dar precisamente na elevación a rango de lei das políticas de xuventude e darlle unha cobertura e unhas garantías á xente nova que, desde logo, até o momento non existiron. Sorpréndeme –e teño que dicírllelo– que o Partido Popular nos propoña a creación dunha comisión de estudo. Eu e non sei é que agora vostedes van participar nas comisión de estudo. Benvidos, en todo caso, a este Parlamento, benvidos á participación e benvidos á racionalidade. (*Interrupcións.*)

¡Pero!... Eu a verdade é que os vexo moi alterados, non sei se teñen gañas de marchar ou non lles gustan que lles digan algunhas cousas.

A señora PRESIDENTA: Vamos a ver. Lles prego ás súas señorías que guarden silencio e que me deixen, en todo caso, tamén dirixir a min o Pleno, que é o que me compete, ¡eh! Polo tanto, silencio en ambas as dúas direccións.

Siga vostede, señora...

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señora presidenta.

Nós, efectivamente, tamén cremos que é importante falar do Consello da Xuventude de Galiza e falar da participación xuvenil. A min particularmente –e vanme permitir os dous voceiros dos dous grupos: non me estraña que vostedes coincidan en canto ao Conxuga, porque, evidentemente, teñen moitas coincidencias das que algún día tamén me gustaría falar, aínda que non sexa nesta sede... O que si que creo é que hai unha boa oportunidade para falar sobre o papel do Conxuga e do seu papel de cara ao futuro, porque, por primeira vez en moito tempo, pois teño coñecimento de que vai remitir a memoria de actividades desta organización, e creo que vai ser unha boa oportunidade para poder falar do que se está facendo, do que non se está facendo e tamén de cales son os problemas que hai neste momento co asociacionismo xuvenil e mesmo con algún outro tipo de cuestión, que creo que o problema non é, en todo caso, a lei no que respecta ao funcionamento do Conxuga.

O que si a min me parece que é importante, e o máis relevante a este respecto, é que hai cambios substanciais dos que creo que o Partido Popular non fixo nunca gala, como pode ser –e xa fixo mención o propio vicepresidente– a que por primeira vez as subvencións que se conceden ás entidades xuvenís deste país haxa unha participación do Conxuga e as ditamine unha comisión, unha novidade importante que, desde logo, elimina unha parte da arbitrariedade ás que nos tiñan acostumbrados, ou que haxa un compromiso de dotar de un local ao Consello da Xuventude, algo ao que o PP se negou, e que afogou, efectivamente, economicamente a esta institución. E creo que o Conxuga está tendo tamén outras vías de colaboración importantes a través doutas consellerías, como tamén compete a unha actividade e a unha actuación transversal nesta materia por parte da Xunta de Galiza.

Eu simplemente quero dicirle unha cousa ao Partido Popular, e que vai moi en serio: eu ánimoos a que vostedes fagan propostas construtivas en materia de política xuvenil. Nós se vostedes van por esa dirección, estamos totalmente dispostos a acoller todas as propostas; o problema é que de momento non tivemos ningunha.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta. *(Pausa.)*

A señora PRESIDENTA: Ten vostede a palabra, si.

O señor LAGE TUÑAS: Si.

Señor vicepresidente, unha vez máis, reiterarlle a nosa coincidencia coa súa exposición e coas políticas que vostede aquí apuntou. Creo que quedou suficientemente explicitado en canto ao seu compromiso con esa institución que é o Consello da Xuventude de Galicia... Por certo, cando aquí fala o voceiro do Partido Popular, botar man da memoria non está de máis, e non está de máis cando temos en conta que durante moitos anos a esa institución creada por lei pois se lle tratou como unha entidade máis, como unha asociación máis, como un colectivo máis. E non podo deixar de coincidir co vicepresidente na necesidade que temos de dignificar esa institución. Polo tanto, espero que ese compromiso que vostede aquí explicitou de dignificar... E, por certo, xa que vai a implementar un incremento importante nos orzamentos, pois non estaría de máis que recuperáramos o tempo perdido; ese tempo perdido por algúns que nunca crearon no movemento asociativo.

Nós cremos, o Partido Socialista cre, que hai que fortalecer a sociedade, e cremos que hai que potenciar o movemento asociativo xuvenil. ¿Que mellor maneira de non ter unha sociedade clientelar e ter unha sociedade civil forte que potenciar as canles do movemento asociativo, as canles e as estruturas? Porque non só se pode subvencionar a actividade senón que se necesita subvencionar, axudar, dar cobertura a través da estrutura.

Non fixen antes referencia e quero facelo agora para darlle a noraboa noutra cuestión relacionada coa educación afectivo-sexual e coa rede de centros que vostede anunciou. Hai un primeiro posto en marcha, que eu puider coincidir, como portavoz da mocidade, asistín ese día a inauguración do centro. Creo que sería bo chegar a bo porto nun acordo coa Consellería de Sanidade para que se poida subministrar a pílula poscoital, é dicir, que se integre dentro da rede da Consellería de Sanidade. Creo que sería bo.

Creo que cando fala o Partido Popular de medidas que está levando adiante o Goberno está recoñecendo precisamente o fracaso do que non se fixo con anterioridade. Señor Calvo, vostede falou aquí do que aparece nese Plan estratégico de xuventude e di que algunha das cousas que fixo a Consellería de Traballo, que fixo o Goberno galego, estaban aí. Pero, entón, ¿de quen é a culpa de que antes non as levaran adiante? ¿Non será culpa nosa? ¿Ou é a culpa dos mozos e das mozas galegas? Si estaban postas, parece que non foi moi difícil, porque en menos de un ano se puxeron dez medidas para a empregabilidade dos xoves. E, xa lle digo, que ademais estamos a falar e podemos falar nos vindeiros días, con datos moi concretos, da redución porcentual máis importante no último lustro en canto a desemprego. Co cal, ¿iso é política de mocidade ou non é política de mocidade? Bueno, eu creo que é, pois, unha mostra, non pequena, precisamente, ao igual que outras actuacións das que aquí se falou, como o noitebús... Ou, por exemplo, que non se mencionou, o Plan valora, que está poñendo en marcha a Consellería de Sanidade para que no ensino primario se introduzcan, se introduzcan materias a prol da seguridade vial e para a concienciación e a formación da xente máis nova.

Ben, pero cando vostedes falan de plans de xuventude, ¿refírense a plans como os do ano 2000-2003, que nas súas memorias falaban de 5.439.399 beneficiarios? Claro, en Galicia non chegamos practicamente aos 800.000 mozos. E falaban diso, con máis de cinco millóns de beneficiarios, e en ocio e en lecer –coas súas contas, para que vexa a incongruencia da súa intervención– falabamos de 1.740.000 mozos beneficiarios; sen embargo, coas mesmas contas que vostede facía, en vivenda falaban de 5.590. Eu creo que iso é a prueba do algodón; iso é onde vostedes poñían o acento, e está ben a diversión porque sabe que eu comparto o ocio, e está ben a diversión porque sabe que eu comparto o ocio, o lecer, as actividades, pero non que a política de xuventude sexa a política de campamento. Non é única e exclusiva; é máis, nós cremos que hai que falar de información e de formación, como lle dicía antes, cremos que hai que falar de emancipación, e hai que falar de cidadanía plena. Polo tanto, cando falamos desa lei da que falaba o vicepresidente, desa Lei galega de xuventude, dicimos que é preciso, que é necesario reformar o marco legal. E necesítamola por varias razóns: unha, porque os mozos e as mozas teñamos instrumentos legais, que teñamos un marco legal. Igual que o Grupo Socialista considera necesario que por primeira vez simplemente un plan integral de mocidade, consideramos

necesario que exista un marco legal coa Lei galega de xuventude.

E un só apunte para rematar. Señores do Partido Popular, vostedes, ¿como entenden o voluntariado? O voluntariado non é só exclusivamente dirixido a mozos e a mozas, non se trata de que os mozos sexan voluntarios. ¿Cal é a idea que teñen vostedes de voluntariado? Voluntariado é outra cousa. Non sei si me entende. Teñen perdido o que é a axenda política das políticas de mocidade, valga a redundancia...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

E direille que, por ese camiño, por ese camiño, os mozos e as mozas de Galicia xa deron resposta cumprida negándolles a posibilidade de unha vez máis facer políticas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor LAGE TUÑAS:... que non eran necesarias para os mozos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor LAGE TUÑAS: As políticas que está levando adiante este Goberno son as que precisan os mozos e as mozas galegas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Turno de peche para o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Gracias, señora presidenta.

Señorías, para reiterar o meu agradecemento a todos os intervincentes polas súas aportacións, que, sen da, servirán a esta Vicepresidencia para mellorar a súa política de xuventude, e de todas e cada unha delas tomamos boa nota.

Teño sorpresa tamén porque se teñan vertido algunhas apreciacións que francamente considero inxustas. Creo que non é bo que dende os grupos parlamentarios se faga unha valoración tan pexorativa do desenvolvemento e do resulta-

do final do Congreso do voluntariado, porque seguramente cando se fai así se intenta atacar a política do Goberno sen darse conta de que o Congreso do voluntariado non é un congreso do Goberno, é un congreso das asociacións de voluntarios de Galiza. E a min me consta que fixeron un gran traballo, seguramente mellorable, como todo, pero un gran traballo, que a nós, dende logo, como Goberno nos vai servir de guía do que ten que ser o Plano galego do voluntariado e do que ten que ser a nosa acción en voluntariado. Creo que, polo tanto, ter unha valoración tan pexorativa dun congreso dese estilo e das súas conclusións non é propio de ningún grupo parlamentario.

Igual que tampouco creo que sea bo que os planos específicos para o voluntariado, os programas que se poñan en marcha para o voluntariado, teñan o erro de caer no anecdotario para intentar ser desprestixiados, porque todos sabemos que establecer, organizar, pór en marcha un programa específico de voluntariado ten a súa complicidade, a súa complexidade. E, polo tanto, caer no anecdotario para, dende o particular, desactivar e desprestixiar o global dende logo non é a mellor medida. No plano de voluntariado, no programa de voluntariado para a defensa do monte galego, houbo 6.000 inscritos en moi poucos días, pero os inscritos non quedaron só inscritos en papel, tiveron sempre pola Administración un trato non só de recoñecemento senón tamén de seguimento. Cada vez que chamou alguén se lle ofreceron tres posibilidades de traballo voluntario. Non se trataba de apuntar: vostede queda aquí apuntado, e xa veremos o que facemos. Se lle outorgaban tres posibilidades, as posibilidades eran: a de traballos de prevención do monte con vixilancia, a de traballos de intendencia para apoio das brigadas de extinción ou a de traballos de recuperación posterior. Dixen antes que o 70% escolleu esta última modalidade.

Pero non quedou aí a cousa, cada voluntario, polo tanto, asignouse o papel que el mesmo decidiu. Pero é que, despois, houbo máis de 9.000 chamadas, de xeito de que, unha vez inscrito na función que el quixo inscribirse, se lle preguntaba se estaba disposto, quería e tiña ánimo para encetar calquer tipo de actividade concreta, nun lugar concreto, de xeito que ninguén pudo ir a ningún lado en contra da súa vontade, e moito menos a facer un traballo que el mesmo non tiña pensado con anterioridade. Esta é a realidade e, polo tanto, caer no anecdotario para pasar do anecdotario ao xeral e facer unha descalificación non me parece o camiño

máis correcto, entre outras cousas porque neste, igual que noutros apartados, hai experiencias anteriores. E, polo tanto, a posibilidade de comparar –eu non o vou a facer, xa se fixo eiquí–... Pero pido, se se quere facer unha valoración máis obxectiva do que foi este programa, que se compare con outros, cos seus resultados e co trato dado a unhos e a outros en cada momento.

Dende logo, eu creo que o feito de que se repitan determinados acontecementos e que, polo tanto, haxa a posibilidade de comparar a acción do goberno nuns casos e noutros é bo para todos. E é bo para todos porque eso nos coloca no que o representante do Partido Popular moi atinadamente dixo aquí que había que facer sempre, que era estar en contacto coa realidade. Non vale a idealización que cada un teñamos da xuventude ou do papel da xuventude, é lexítima todas e cada unha delas, pero é necesario tamén ter un contacto coa realidade, saber que as cousas que facemos son para atender unha situación concreta e unha realidade que a mocidade galega ten en termos obxectivos. Digo esto porque se facemos tamén comparación de estar tocando a realidade en anteriores actitudes e experiencias de goberno, no actual podemos sacar tamén conclusións penso que moi ilustrativas. Penso que todos, por exemplo, aceptamos que temos un problema de información ao respecto da sexualidade, das opcións sexuais e de situacións de risco ao respecto desta materia. Creo que todos o aceptaríamos.

Claro, se falamos de que esa é a realidade, ¿que política é a que está tocando máis a realidade?, ¿aquela dun goberno que ante unha situación deste estilo e ante a posibilidade de utilizar, por exemplo, a pílula poscoital hai un Goberno cun presidente que di que eso é propio de mentes demoníacas que teñen ademais un instinto vicioso ou é mellor que haxa un goberno cunha Consellería de Sanidade que o que fai é establecer a gratuidade universal da pílula poscoital na rede pública sanitaria? Pois seguramente obedecen a concepcións ideolóxicas diferentes, pero eu lle aseguro que está máis cerca da realidade aquela que intenta enfrentar o problema e que non basea a súa apreciación ideolóxica particular para impedir que a xente teña unha solución e unha situación tan dificultosa como é esa.

Polo tanto, si se trata de falar de estar tocando coa realidade, falemos tamén en materia de xuventude. E tocar coa realidade non nos debe de evitar nunca mirar hacia o futuro.

Vostede sigue empeñado en falar de planos estratéxicos, e eu lle digo que plano estratéxico que mereza o nome de tal non existe. Existe un plano con ese nome que unicamente recollía as actuacións que, en materia de xuventude, o Goberno xa facía, e iso non é un plano estratéxico, iso é un recordatorio do que se fai e do que non se fai. Onde vostede fala de plano estratéxico, eu fállolle de lei, de lei da mocidade galega; unha lei que ten que ser a lei de todos e de todas, unha lei que defina estratexias, unha lei que ubique, coloque, a mocidade galega no lugar que lle corresponde e sobre todo na función fundamental que ten que cumprir no seo da sociedade deste país. Para ese traballo conxunto os convoco a todos e a todas, e estou seguro de poder contar coa súa colaboración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Moción do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a situación na que se atopa o Plan de parques de tecnoloxía alimentaria

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Pasamos agora ao cuarto punto da orde do día coa moción, en primeiro lugar, coa moción presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol, sobre a situación na que se atopa o Plano de parques de tecnoloxía alimentar (doc. 12.282).

A esta proposición non de lei, perdón, a esta moción non se presentaron emendas.

Ten a palabra, para a defensa desta moción, o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario Popular trae a esta Cámara unha moción que o mellor sería non ter que presentala, pero que o tema de acuicultura estivera resolto, pero dáse a circunstancia pois que está peor que nunca.

A moción en si insta o Parlamento de Galicia, e insta a Xunta de Galicia, a superar a situación, retomando e poñen-